XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Adormideras i.e.s. plurilingüe

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## IES PLURILINGÜE ADORMIDERAS

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**Índice:**

1.- Introdución.
2.- Xustificación baseada no contexto.
3.- Identificación e valoración das necesidades.
3.1.- Necesidades do centro.
3.2.- Necesidades das familias.
3.3.- Necesidades do profesorado.
3.4.- Necesidades do alumnado.
3.4.1. Identificación e valoración das necesidades do alumnado.

4.- Determinación dos obxectivos.
5.- Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5.1.- Medidas ordinarias.
5.2.- Medidas extraordinarias
6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

9. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro

10. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

10.1 Intervención Xefatura do departamento de Orientación.

10.2 Protocolos

11. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

12.Anexos

13. Normativa.

# 1.- Introdución.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (en adiante PXAD) constitúe, sen dúbida, uns dos piares fundamentais nos que se sustenta o centro. Resulta imprescindible este documento tendo en conta que toda a Comunidade Educativa estamos implicados na atención á diversidade.

O PXAD ten como finalidade planificar as medidas educativas que facilitan unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado no centro, en especial, aquel con necesidade específica de apoio educativo (en adiante NEAE).

Para esa xustificación sobre a atención á diversidade cómpre facer referencia á  Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade (2006). Estes dereitos ratificáronse polo Estado español en 2008, dispoñendo que para facer efectivo o dereito á educación os Estados membros asegurarán un sistema de educación inclusivo, así como a ensinanza ao longo da vida.

Ademais, é convinte facer referencia a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible no relativo á educación e á Declaración de Incheon (2015) que representa o compromiso dos países e da comunidade mundial da educación cunha axenda única e renovada para o sector educativo, Educación 2030, considerando que a inclusión e a equidade na educación e a través dela son a pedra angular dunha axenda da educación transformadora. Ningunha meta educativa debería considerarse acadada a menos que se logre para todos e todas, polo que cómpre que as administracións realicen os cambios necesarios nas políticas educativas e centren os esforzos nas persoas máis vulnerables para velar por que ninguén quede atrás.

Por outra banda, para poder facer fronte a estes principios o Deseño universal para a aprendizaxe (en adiante DUA), ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade. O DUA procura:

- Asegurar que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento ou barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.

- Incidir en todos os elementos do proceso educativo: na planificación de elementos curriculares prescritivos, nos medios ou recursos que se utilicen, na forma de empregalos, na metodoloxía, na avaliación, ou na organización dos agrupamentos, dos espazos e dos tempos.

Se nos centramos nos preceptos educativos de ámbito nacional, a atención á diversidade na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, dispón que o proxecto educativo recollerá, polo menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, as medidas relativas á acción titorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, especificando as medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.

A nivel da nosa comunidade, debemos centrarnos nos principios xerais de actuación que establece o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, polo que se regula a atención á diversidade. Nesta normativa recóllese que a atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa. Cómpre resaltar tamén os seguintes aspectos:

- Abrangue a totalidade do alumnado.

- Terase en conta nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión.

- As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario.

- Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.

- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os profesionais.

- As nais, pais ou titores e titoras legais recibirán información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

Na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade

do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con NEAE as alumnas e os alumnos que requiran unha atención diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Dentro do alumnado con NEAE está o alumnado con necesidades educativas especiais (en adiante NEE), entendido este como o que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Para atender ao alumnado con NEAE existen medidas de atención á diversidade, definidas como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no PXAD de cada centro educativo e nas concrecións anuais de dito plan.

# 2.- Xustificación baseada no contexto.

O IES Adormideras situado na rúa Juan Sebastián Elcano, 28, no polígono do mesmo nome; posúe un claro perfil avanzado, aperturista e dinámico, anticipándose aos retos educativos que a sociedade do coñecemento e das tecnoloxías de información e comunicación demandan, xunto cunha aposta forte en educación en valores e respecto a todos os membros que forman a comunidade educativa. Amosa un extraordinario empeño na formación e orientación do alumnado para que acade unha madureza persoal que lle permita estar ben asesorado e poida realizar eleccións axeitadas, acordes cos seus intereses, aspiracións e capacidades, para o seu futuro académico ou profesional.

No IES impártense as etapas de Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato, sendo o centro de referencia da contorna para aquelas alumnas e alumnos que desexan cursar a modalidade de Bacharelato artístico (rama de artes plásticas, imaxe e deseño), feito polo que nesta etapa o alumnado procede, ademáis da cidade da Coruña, de toda a área metropolitana máis próxima (Oleiros, Culleredo, Cambre e Arteixo principalmente). Respecto ao alumnado da ESO, cómpre destacar que na súa maioría proceden da zona circundante ao centro e principalmente teñen cursado a etapa de Educación Primaria nalgún dos CEIP que o IES Adormideras ten adscritos: CEIP Torre de Hércules, CEIP Cidade Vella e CEIP Víctor López Seoane.

Respecto ao profesorado, é preciso destacar o seu elevado grao de interese na atención do alumnado, especialmente daquel que precisa algún tipo de apoio e/ou reforzo, sendo unha prioridade prestarlles unha axuda o máis personalizada posible dentro das circunstancias reais nas que desenvolven a súa labor (escasa dispoñibilidade horaria e ratios elevadas que dificultan a atención de carácter individualizado) .

Na actualidade o centro cunta cun total de 10 unidades na etapa de Educación Secundaria Obligatoria (en adiante ESO) que se reparten do seguinte xeito:

- 2 unidades en 1º ESO
- 2 unidades en 2º ESO
- 3 unidades en 3º ESO (nunha delas é impartido un Programa de Diversificación Curricular)
- 3 unidades en 4º ESO (nunha delas é impartido un Programa de Diversificación Curricular)

Respecto ao Bacharelato cómpre destacar que hai, a día de hoxe, un total de 13 unidades (6 unidades no 1º curso e 7 unidades no 2º curso) e que son impartidas as seguintes modalidades:

- Ciencias e tecnoloxía
- Humanidades e Ciencias Sociais
- Artes (rama de artes plásticas, imaxe e deseño)

Cada curso o centro adoita participar en varios Plans de Formación Permanente do Profesorado do CFR da Coruña, CAFI, etc. así como noutros Programas convocados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O profesorado titor realiza o seguimento escolar dos seus alumnos e das súas alumnas e informa ás súas familias. Nesta fundamental tarefa de coordinación e comunicación colabora tanto o departamento de orientación como o equipo directivo. Así mesmo, o centro conta cun especialista en Pedagoxía Terapéutica que desenvolve o seu traballo de acordo co disposto no artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Xefatura do Departamento de Orientación ten o seu despacho no primeiro andar do edificio e conta con material específico e mesa de reunións para toda a comunidade educativa. Nunha aula contigua podemos atopar a aula empregada polo especialista de Pedagoxía Terapéutica para aqueles casos e/ou situacións nas que é preciso levar a cabo unha atención de carácter máis individualizado, sempre dentro do establecido na normativa vixente a tal efecto.

Hai tamén bastante colaboración co Concello, sendo frecuente o traballo coordinado cos Servizos Sociais e co Servizo Municipal de Educación, que inclúe servizos como o programa de reforzo de ciencias ou a escola intercultural. Os ditos servizos son empregados cada curso escolar por algúns dos nosos alumnos e alumnas.

# 3.- Identificación e valoración das necesidades.

Ademais do contexto onde se atopa o IES Plurilingüe Adormideras e do marco teórico-legal, un condicionante importante no deseño do PXAD son as necesidades detectadas e demandadas pola comunidade educativa.

### 3.1.- Necesidades do centro.

- Necesidade de melloras nas instalacións (rampla na porta principal de acceso, patio cuberto, ampliación da aula de debuxo, etc.)
- Necesidade de renovación e mellora dos equipamentos.
- Necesidade de mellorar a coordinación e colaboración intercentros e intracentro.

- Necesidade de impulsar a innovación e a calidade desde a práctica educativa.

**3.2.- Necesidades das familias.**

- Necesidade de sensibilización das diferenzas en positivo.
- Necesidade de implicación nas actividades do centro e na educación dos seus fillos e fillas, na medida das súas posibilidades.
- Necesidade de cooperación e colaboración entre as familias, o centro, o profesorado...
- Necesidade de maior información dos procesos de ensino aprendizaxe.

**3.3.- Necesidades do profesorado.**

- Necesidade de formación para acadar un coñecemento actualizado sobre a normativa e outros aspectos necesarios para a atención á diversidade.
- Necesidade de adoptar unha actitude positiva, aberta ao cambio e ás propostas de mellora, que fagan realidade as decisións que se propoñan.
- Necesidade de aumentar a análise crítica e reflexiva da propia práctica educativa e adoptar unha actitude positiva cara a novas metodoloxías, estratexias, actividades...
- Necesidade de aumentar a conciencia de que a atención á diversidade é tarefa de toda a Comunidade Educativa e que para unha resposta axeitada é fundamental a colaboración e coordinación entre todos os seus membros.
- Necesidade dunha maior relación, consenso e coordinación entre o Plan de Acción Titorial e o PXAD e protocolos de actuación consensuados sobre a diversidade, en xeral, e os nenos e nenas con NEAE, en particular.
- Necesidade de que as accións do Departamento de Orientación non se centren exclusivamente nas avaliacións psicopedagóxicas.
- Necesidade de maior apoio de persoal especializado (Pedagoxía Terapéutica), profesorado con dispoñibilidade horaria, e por parte das familias.

**3.4.- Necesidades do alumnado**

As necesidades educativas son tan diversas como o alumnado que se escolariza no noso centro e evidentemente poden variar dun curso a outro.

As NEAE que poida presentar o alumnado recolleranse cada curso na lapela NEAE de Xade así como no DRDADI (documento que debe cubrir cada curso académico o Departamento de Orientación)

Ademáis das recollidas nos documentos mencionados anteriormente, as principais necesidades que adoita presentar o alumnado son as seguintes:

- Necesidades propias da súa etapa evolutiva: etapa infantil, puberdade e adolescencia.
- Necesidades relacionadas coa xestión e organización do estudo.
- Necesidades relacionadas coas diferentes situacións familiares e sociais.
- Transición harmónica entre etapas: da primaria á secundaria, da ESO ao bacharelato ou Formación Profesional ou transición á Universidade ou mundo laboral.
- Necesidade de mellora do clima da aula e da participación nas dinámicas do centro.
- Necesidade de acadar unha mellor actitude de respecto e aceptación ante a diversidade.
- Necesidade de fomentar unha educación en valores que vaia máis aló dos contidos curriculares máis tradicionais e inclúa aspectos de benestar emocional e de convivencia.
- Necesidade de aumentar a súa participación na xestión do centro e da aula.
- Necesidade de mellorar a colaboración entre iguais con estratexias educativas axeitadas que inclúan responsabilidades na vida diaria do centro e no desenvolvemento xeral da escola como comunidade (titoría entre iguais, mediación...)
- Necesidade de mellorar a súa capacidade crítica e reflexiva.
- Necesidade de acadar estratexias de resolución pacífica de conflitos.

### 3.4.1. Identificación e valoración das necesidades do alumnado.

Identificación:

partiremos cada curso de:

- As necesidades e recursos do centro.
- A información aportada polas familias.
- A avaliación inicial e, de ser o caso, da avaliación psicopedagóxica.
- Os informes e achegas do profesorado titor, de área, PT, servizos de orientación externos, servizos sociosanitarios, entre outros.

Momentos de detección:

Os principais momentos de detección das necesidades do alumnado ao longo do curso serán os seguintes:

- Inicio de curso: revisión de expedientes, informes, información alumnado dos centros adscritos, etc.
- Avaliación inicial, factor preventivo por excelencia, segundo recolle o *artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021*.
- Ao longo de todo o curso: nas sesións de avaliación, reunións grupais e/ou individuais coas familias, informes, etc.

Procedementos de detección:

- Coa información recollida na avaliación inicial propoñeranse as medidas que se consideren pertinentes ás necesidades detectadas, dando prioridade ás medidas de carácter ordinario.
- Para establecer a intervención máis axeitada á necesidade detectada cómpre:
  1 Obter información do profesorado/familia/outros relativa ao alumnado.
  2 Administrar as probas e/ou cuestionarios que se consideren.
  3 Recoller e analizar datos da observación directa ou indirecta.
  4 Determinar a necesidade específica atopada proporcionando as orientacións pertinentes.
- Elaborar, se é o caso, proposta individualizada de reforzo educativo onde se concretará o plan de traballo a seguir e o tipo de apoio preciso, en coordinación co profesorado implicado:
  - Reforzo educativo sen apoio
  - Reforzo educativo con apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria dentro da aula ordinaria.
- Realizarase a avaliación do progreso do alumnado e a eficacia das medidas adoptadas. No caso de que as medidas anteriores non fosen suficientes, realizarase a oportuna avaliación psicopedagóxica seguida da toma de decisións consecuente.
- No caso que sexa pertinente realizar unha demanda de intervención ao Departamento de Orientación, utilizarase para tal fin o modelo recollido no ANEXO I.

# 4.- Determinación dos obxectivos.

Neste apartado faremos referencia a uns obxectivos xerais do PXAD e a uns obxectivos específicos relacionados co centro, co ámbito familiar e coa contorna.

4.1.- Obxectivos xerais:

- Ofrecer unha resposta educativa axeitada á diversidade do alumnado do centro educativo nun marco inclusivo, contemplando os axustes que sexan precisos.
- Fomentar a implicación dos órganos de goberno e de participación do centro na elaboración, desenvolvemento e avaliación do PXAD.
- Potenciar actuacións coordinadas dos axentes implicados na atención á diversidade: familia, alumnado, profesorado, persoas titoras,

persoas orientadoras, profesorado de apoio, equipo directivo, EOE, Servizos sociais, recursos especializados ...

4.2.- Obxectivos específicos

4.2.1.- Referidos ao centro educativo

- Deseñar programas e actuacións de carácter preventivo para a atención á diversidade.
- Planificar propostas educativas diversificadas e adaptadas ás necesidades do alumnado escolarizado.
- Utilizar metodoloxías variadas que faciliten o acceso ao currículo do alumnado desde unha perspectiva inclusiva.
- Optimizar a utilización dos recursos humanos, materiais e a súa organización.
- Promover a comunicación, colaboración e coordinación entre os distintos profesionais do centro, e destes con outros profesionais, institucións e asociacións externas ao centro.
- Potenciar a comunicación e coordinación coas familias implicándoas na educación das súas fillas e dos seus fillos.
- Promover a formación do profesorado na atención á diversidade e na inclusión.
- Facilitarlle ao profesorado técnicas e instrumentos diversos que contribúan a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe individualizado.

4.2.2.- Obxectivos específicos referidos ao ámbito familiar

- Participar activamente no proceso educativo do seu fillo/filla, acollido/acollida.

4.2.3.- Obxectivos específicos referidos á contorna

- Fomentar a coordinación con institucións, asociacións ou organismos externos ao centro na aplicación de medidas de atención á diversidade que favorezan a inclusión.

# 5.- Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

O centro educativo debe concretar nos seus plans e programas as actuacións para a atención á diversidade, tendo en especial consideración:

- Plan de Convivencia e de xeito específico o Plan de Acollida.
- Plan de Acción Titorial
- Plan de Igualdade.
- Programas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Ao comenzo de curso, dentro da Programación Xeral Anual, deberán concretarse as medidas ordinarias e extraordinarias a desenvolver entre as seguintes:

**5.1 Medidas ordinarias.**

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

Na táboa 1 recóllense as medidas ordinarias que se poderían levar a cabo ao longo do curso. Cada ano concretaranse na PXA.

**5.2. Medidas Extraordinarias**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con neae, especialmente con necesidades educativas especiais, que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Na táboa 2 recóllense as medidas extraordinarias que se poderían levar a cabo ao longo do curso. Cada ano concretaranse na Programación Xeral Anual.

| TÁBOA 1 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| MEDIDAS ORDINARIAS (Orde do 8 de setembro de 2021) | AUTORIZACIÓN | RESPONSABLES | FAMILIAS | OBSERVACIÓNS |
| Art. 43. Adecuación da estrutura organizativa do centro e aulas | Equipo Directivo | Claustro | Serán informadas | Establecer criterios para a elaboración dos horarios do alumnado; asignación de titorías; agrupamento do alumnado; distribución da aula, das unidades e (ou dos espazos). |
| Art. 44. Adecuación das programacións didácticas | | | Serán informadas | Guiadas polo estilo pedagóxico do centro; nivel de competencia curricular de cada alumno/a, tendo en conta os principios do DUA, facilitando espazos de participación para todo o alumnado. |
| Art.45. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo (grupos heteroxéneos), titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos… | Profesorado | Asesoramento do DO | Serán informadas | Metodoloxías inclusivas que deben estar recollidas nas concrecións curriculares do Proxecto Educativo. |
| Art.46. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación. | Profesorado | Asesoramento do D.O. Equipo de Convivencia | Serán informadas | Adaptar a cada área e ,especialmente a alumnado NEAE. Ter en conta as indicacións dos Protocolos publicados pola Xunta de Galicia. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Art. 47. Aulas de atención educativa e convivencia | Xefatura de estudos | | Serán informadas | Atende temporalmente ao alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase. O profesorado enviará as tarefas a realizar. O alumnado derivado deberá desenvolver un programa de habilidades e competencias sociais realizado polo DO (art. 53). De ser o caso, esta aula poderá empregarse cos mesmos fins que a aula de convivencia inclusiva á que se refire o artigo 25 do Decreto 8/2015. |
| | Artigo 48. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria | Profesorado de área ou materia (debe informar á xefatura de estudos) | Titor/a<br>DO | Serán informadas | Desenvólvese no contexto ordinario de aula. Afecta á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ao agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. |
| | Art. 49. Programa de Enriquecemento curricular | Profesorado<br>área/materia | Asesoramento do D.O. e do especialista en AACC do EOE | Serán informadas | Para alumnado con altas capacidades intelectuais (art.9). Desenvolveranse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que está escolarizado o alumno/a. Reflictirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Art.51. Plan de reforzo para alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar | Profesorado materia (coñecemento do titor/a) | Dptos. didácticos | Acreditación<br>Información | Plan reforzo (ANEXO IV) |
| | Art.52. Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso | Equipo docente (coordinación da persoa titora) | | Acreditación<br>información | Plan específico personalizado (ANEXO V) |
| | Art. 53. Programas de habilidades e competencias sociais. | DO/ Persoa titora | | | Elemento transversal do currículo. Dirixido á totalidade do alumnado e complemento das medidas correctoras para o alumnado que incorra en condutas contrarias á convivencia. Documento que debe formar parte do PXAD (ANEXO VI) |

| TÁBOA 2<br>MEDIDAS EXTRAORDINARIAS | AUTORIZACIÓN | RESPONSABLES | FAMILIAS | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| Art.55 *Adaptacións curriculares* | Servizo IE | Profesora do DO | Informadas | Para alumnado con NEE, e excepcionalmente para o restante alumnado con NEAE. Seguimentos responsabilidade da persoa titora. Solicitude antes da finalización do mes de novembro (agás no caso das A.C. que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización) ANEXOS VII, VIII, IX E X. |
| Art.56 *Agrupamentos flexibles* | Servizo IE | Profesora do DO | Conformidade expresa (ANEXO XI) | Para ESO<br>Materias: Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas (na totalidade do horario semanal da materia). Nº Alumnado: 10. A proposta de incorporación, de ser o caso, realizarase ata o mes de xaneiro, incluído. Debe constar en documentos de avaliación. |
| Art.57 *Apoio do profesorado especialista en PT/AL.* | DO<br>EOE | Profesora do de apoio (PT/AL) | Serán informadas | - Para alumnado NEE, excepcionalmente neae<br>-Requiren dun Programa de intervención para cada alumno/a e informe final (ANEXO XII)<br>-Fóra da aula ordinaria require a constancia expresa no informe psicopedagóxico e non exceder un tercio da xornada escolar.<br>- Deben realizar memoria final de curso (ANEXO XIII) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Art. 84<br>Apoio dos intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira | Xefatura Territorial<br>Servizo Territorial de Inspección Educativa | E<br>OE<br>Xefatura do DO<br>Dirección | Serán informadas | Para o alumnado con NEE asociadas a discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, en grao severo ou profundo, e escolarizado no 2º ciclo de educación infantil, en educación primaria, en educación secundaria obrigatoria, en educación secundaria postobrigatoria e nas ensinanzas de persoas adultas.<br>- Elaborarán un plan de intervención, así como unha memoria anual. |
| | Art.58<br>*Flexibilización nas etapas de EI, EP, ESO* | DX de Ordenación e Innovación Educativa. | Profesorado<br>DO | Conformidade expresa | REDUCIÓN: Proceso de solicitude e resolución a través da aplicación informática.<br>Prazos: a) Marzo, para que as direccións carguen a documentación . b) Abril, para que XT dean traslado á SXEFP. c) Xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e FP comunique ás direccións, que deberán trasladárllelas ás persoas interesadas. Na ESO non poderá afectar o derradeiro curso da etapa. |
| | | | | | AMPLIACIÓN: Proceso de solicitude e resolución a través da aplicación informática.<br>Prazos ESO: mes de abril<br>A flexibilización respectará os máximos de idade establecidos na normativa vixente: 7 anos na Educació Infantil: 15 na Educació Primaria, e 19 na Educación Secundaria Obrigatoria, -21 se é nunha modalidade de escolarización de réxime especial a tempo completo)As medidas de flexibilización consignaranse no expediente académico do alumno indicando a resolución. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Art. 59. Flexibilizacións na etapa de Bacharelato | DX de Ordenación e Innovación | Profesorado<br><br>DO | Conformidade expresa | **REDUCIÓN:** (alumnado con AACC acreditadas polos servizos de orientación dependentes da Administración educativa, con media de 9 ou superior en 4º ESO) solicitude da familia para a realización da proba de avaliación extraordinaria de 1º Bach (2 días hábiles seguintes á sesión de avaliación final ordinaria de 4º ESO). Se se cumplen os criterios de promoción a 2º Bach a familia solicita a flexibilización á Dirección, que dará traslado á Xefatura territorial. a resolución (5 días naturais) se comunica á Dirección que a traslada aos interesados.<br><br>**AMPLIACIÓN:** (alumnado NEE) 1 curso máis por cada un dos 2 cursos académicos (non se poden superar os 6 anos nestas ensinanzas). Antes de finais de Outubro a Dirección solicita á Xefatura Territorial, que traslada á DX de Ordenación e Innovación. A decisión adoptada será comunicada á Dirección, que a trasladará aos interesados.<br><br>As medidas de flexibilización consignaranse no expediente académico do alumno indicando a resolución |
| | Art. 61. Programas de diversificación curricular | Inspección Educativa | Profesorado<br><br>DO | Opinión | Despois da avaliación final o equipo docente fai proposta provisional alumnado. A comisión (xefe estudos+xefe DO+Titor) realiza a proposta á dirección do centro quen eleva a proposta a IE. O servizo de IE emitirá autorización expresa para o desenvolvemento do programa que cumpra os requisitos. (ANEXOS XIV, XV, XVI, XVII E XVIII) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Art. 62.<br>*Atención educativa domiciliaria* | Xefatura Territorial | Profesorado<br>DO | Solicitude expresa<br>(ANEXO XIX) | <u>Atención educativa domiciliaria</u>:<br>Destinatario: alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, o alumnado que padeza algunha *doenza crónica* que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de *seis ou máis días continuados ao mes* dentro dun período mínimo de seis meses. A Dirección do centro elevará a solicitude ao Servizo de Inspección Educativa, adxuntando informe da persoa titora e certificación académica sobre a situación actual académica do alumno/a que inclúe orientacións sobre o Plan de Traballo Individual<br><u>Atención educativa hospitalaria</u>:<br>O equipo docente elabora proposta de actividades quincenalmente. Profesorado da unidade educativa hospitalaria: informe trimestral e/ou informe final. Avaliación: equipo docente considerando a información do profesorado da unidade educativa hospitalaria.<br><u>Atención educativa virtual</u>: Realiza a atención educativa o profesorado de cada área, materia, ámbito ou módulo do centro docente no que estea matriculado e, no caso de imposibilidade apreciada pola dirección do centro, polo equipo docente ou departamento didáctico correspondente. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Art. 67<br>Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro | Inspección Educativa | Profesorado<br><br>DO | Non se menciona | Alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar<br><br>ESCOLARIZACIÓN:<br><br>Na educación básica o centro educativo pode decidir escolarizalo un curso por debaixo do que lle correspondería por idade se así o aconsellan os resultados obtidos na avaliación inicial (desfasamento curricular de máis de 2 cursos). A dita avaliación é responsabilidade do equipo docente do alumnado de recente incorporación, baixo o asesoramento do Departamento de Orientación, que, de ser preciso, complementará o resultado coa oportuna avaliación psicopedagóxica. No caso de superar ese desfasamento o alumno/a podería reincorporarse ao curso correspondente a súa idade. Así mesmo, poderán serlles de aplicación medidas de atención á diversidade específicas, como os grupos de adquisición de linguas (Art.68) ou de adaptación da competencia curricular(art.69).<br><br>Ademáis, adoptaranse medidas de atención á diversidade que faciliten a súa inclusión, desenvolvemento e socialización.<br><br>(ANEXOS XX E XXI) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Art. 68<br>*Grupos de adquisición de linguas* | Servizo IE | Profesorado<br>DO | Serán informadas | Agrupamentos de alumnado de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia.<br>• Os agrupamentos serán con alumnado da mesma etapa educativa.<br>• Tempo máximo de permanencia: un trimestre (IE pode amplialo logo da solicitude do centro)<br>• Pode reincorporarse ao seu grupo ordinario antes da finalización do prazo. (equipo docente decide)<br>• O horario semanal máximo : 24 sesións en ESO<br>Profesorado: en ESO preferentemente do ámbito lingüístico con dispoñibilidade horaria.<br>• Avalía o profesorado encargado do agrupamento as aprendizaxes do agrupamento. Pode asistir sen voto ás sesións de avaliación. |
| | Art. 69<br>*Grupos de adaptación da competencia curricular* | Servizo IE | Profesorado<br>DO | Serán informadas<br>. | Agrupamentos flexibles de alumnado de ESO que, procedendo do estranxeiro e non contando con adaptación curricular, presente un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo no que estea escolarizado.<br>Estes agrupamentos teñen por finalidade, a través dunha atención personalizada, o progreso na súa competencia curricular, de maneira que poidan incorporarse plenamente as actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atopan escolarizados. |

# 6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas.

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
|---|---|
| ADECUACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO | CRITERIOS ESPECÍFICOS |
| | HORARIOS<br>● Priorizar as primeiras horas da mañá para aquelas materias con máis carga académica dentro das posibilidades organizativas do centro.<br>● O día da semana con Xornada pola tarde elaborar horarios cun reparto racional das materias con distintos niveles de esixencia dentro das posibilidades do centro.<br>● Equidade na distribución dos recreos.<br>● Na confección de horarios teranse en conta as necesidades educativas do alumnado, buscando unha distribución pedagóxica dos tempos de traballo do alumnado. |
| | ASIGNACIÓN DE TITORÍAS<br>● O Equipo Directivo poderá asignar, tras consenso co equipo docente, as titorías en base a criterios pedagóxicos.<br>● Para a asignación de titorías poderá considerarse a aqueles profesores e profesoras con maior número de horas de docencia no grupo<br>● Poderá terse en conta o criterio de continuidade dos titores, especialmente en 1º e 2º da ESO<br>● Nos PDC procurarase que a titoría se asigne a un dos docentes dos ámbitos. |

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
| --- | --- |
| | AGRUPAMENTO DO ALUMNADO<br>Os agrupamentos, estableceranse tendo en conta criterios pedagóxicos garantindo unha adecuada distribución do alumnado con NEAE nos diferentes grupos así como unha distribución equitativa por razón de xénero.<br>- Distribución equilibrada de alumnado tendo en conta os centros de procedencia.<br>- Procurar que os alumnos e as alumnas con dificultades de integración social permanezan con algún alumno que exerza de axudante e/ou figura de referencia.<br><br>DISTRIBUCIÓN DE AULAS, ESPAZOS E TEMPOS<br>Será efectuada a criterio do equipo directivo tendo en conta as propostas do profesorado.<br>● No caso de alumnado que utilice cadeira de rodas priorizaranse aulas próximas ao ascensor, que permitan tamén desprazarse ao baño adaptado sen barreiras arquitectónicas.<br>● Poderán ser empregados pictogramas, ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal (código Braille, sinais luminosos, eliminación de barreiras físicas) para facilitar a identificación dos distintos espazos.<br><br>Basearémonos nos criterios de accesibilidade universal para a organización dos espazos. |
| ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS | EN CANTO A OBXECTIVOS E CONTIDOS<br>● Definir os obxectivos e contidos mínimos imprescindibles (básicos) de cada unidade didáctica.<br>● Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan competenciais<br>● Presentación dos contidos non soamente de forma oral ou escrita, senón tamén de maneira multimodal. |
| | EN CANTO ÁS ACTIVIDADES |

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
|---|---|
| | ● Deseñaranse actividades diversas, funcionais e competenciais, con diferentes graos de complexidade, para o dominio dos contidos.<br>● As actividades deberán ser accesibles á diversidade de alumnado<br>● Deberanse contemplar actividades de reforzo e/ou ampliación segundo características do alumnado. |
| ADAPTACIÓN DOS TEMPOS, INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS ESPECÍFICOS<br><br>ADAPTACIÓNS DE PROBAS ESCRITAS<br>● Teranse en conta as propostas recollidas nos diferentes protocolos (dislexia, TDAH)<br>● De ser o caso, adaptación ao formato de LECTURA FÁCIL: tipo de letra, tamaño, organización das preguntas, apoios visuais, uso do recursos tecnolóxicos, lectura guiada das preguntas aos ACNEAE, supervisión dos alumnos con ACNEAE,<br>● Adaptación nos tempos: ampliar o tempo para alumnos con ACNEAE, dividir a proba…<br>● Utilización de diversos métodos de avaliación ademais das probas escritas (complementarios ás mesmas) como observación do traballo do alumno mediante portafolios, rúbricas, rexistros de anécdotas, diarios de aprendizaxe |
| AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA | ● Derivarase ao alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase, sempre con tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá do tempo que dure a sesión lectiva na que se producise a conduta inadecuada.<br><br>● Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.<br><br>● O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais que se regula no artigo 53 da orde do 8 de setembro de 2021. |

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
|---|---|
| | • As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, segundo o procedemento establecido no centro, en desenvolvemento da súa autonomía, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.<br>• A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos<br>• Procederase conforme ao establecido nas NOFC do centro. |

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
|---|---|
| REFORZO EDUCATIVO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA | Esta tarefa será desenvolta preferentemente por profesorado da mesma materia ou ámbito.<br><br>Serán criterios a considerar na distribución deste profesorado: o número de alumnado do grupo, presenza de alumnado con NEAE que non pode contar con apoio especializado, presenza de alumnado con problemas condutuais, presenza de alumnado repetidor, presenza de alumnado que promociona sen acadar avaliación positiva en todas as áreas.<br><br>● Elaborarao a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.<br><br>● A determinación das horas e da duración dos apoios dependerá das necesidades de apoio que requira o alumnado que sexa obxecto desta medida. |

<table>
<tr><th colspan="2">MEDIDAS ORDINARIAS</th></tr>
<tr><td>PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR</td><td>Estas medidas fundaméntanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase.<br>Terán importancia as estratexias de busca de información; as estratexias auto-organizativas: establecemento de prioridades, organización dos recursos; estratexias inventivas e creativas; estratexias analíticas e estratexias para a toma de decisións.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA ALUMNADO REPETIDOR</td><td>CRITERIOS ESPECÍFICOS</td></tr>
<tr><td>Para a súa elaboración deberá de terse en conta o seguinte:<br>○ Análise da información do proceso de ensino-aprendizaxe da alumna/o por parte do profesorado, que nos proporcionan os seguintes documentos:<br>✓ Consello Orientador<br>✓ Informes de Orientación , de ser o caso.<br>✓ Informe sobre as medidas de RE<br>✓ Informe final de PT, de ser o caso.<br>○ Medidas a incluír na programación de cada materia:<br>✓ Uso de metodoloxías que conecten cos intereses do alumnado: grupos cooperativos, traballo por proxectos, gamificación<br>✓ Presentación dos contidos procurando que sexan intelixibles e accesibles de acordo aos principios de lectura fácil. Neste sentido a utilización de diferentes formatos multisensoriais tamén favorece o acceso á información para eliminar barreiras cognitivas.<br>✓ Uso de ferramentas de avaliación variadas: rúbricas de avaliación, permitindo diferentes formas de produción e expresión da aprendizaxe, traballos gráficos ( liñas de tempo, mapas conceptuais, infografías), produtos escritos (diarios de aprendizaxe, port-folios, probas escritas, produtos orais como os podcasts, produtos artísticos manipulativos como modelos en relevo, experimentos ou maquetas.<br>● Medidas organizativas:</td></tr>
</table>

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
|---|---|
| | ○ Ubicación do alumnado cerca do profesor evitando distraccións<br>○ Seguimento e apoio durante a realización da tarefa<br>○ Ofrecer ao alumno ou alumna responsabilidades especiais na aula que reforcen a súa autoestima<br>○ Asegurar o uso da axenda para rexistrar diariamente a información necesaria para o seu estudo.<br>○ Uso de estratexias de modificación de conduta para evitar comportamentos inadecuados. |
| PLAN ESPECÍFICO PARA ALUMNADO CON PENDENTES | CRITERIOS ESPECÍFICOS |
| | ● Informarase á familia a principios de curso sobre o plan específico personalizado pedindo a colaboración nos seguintes aspectos:<br>○ Control das tarefas solicitadas na casa e compromiso de que traian o material necesario.<br>○ Establecemento dun control regular coa persoa titora a través de XADE ou en entrevistas presenciais ou telefónicas.<br><br>● Para a súa elaboración deberá de terse en conta o seguinte:<br>● Información relevante de cada materia en relación a:<br>■ Contidos a desenvolver<br>■ Tarefas a realizar<br>■ Prazos de entrega:<br>■ Recursos que se van empregar<br>■ Datas de probas escritas<br>■ Criterios de avaliación recollidos na programación<br>● Seguimento en cada sesión de avaliación e na sesión de avaliación inicial, de ser o caso; realizando |

| MEDIDAS ORDINARIAS | |
|---|---|
| | os axustes necesarios.<br>● Para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, que se terá en conta para os efectos promoción e/ou titulación. |
| PLAN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS | CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL |
| | O centro desenvolverá un programa de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado, a través de todas as áreas, as materias, os ámbitos e módulos, como elementos transversais do currículo.<br><br>Pola súa banda, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, e un específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. |

| MEDIDAS EXTRAORDINARIAS | | |
|---|---|---|
| ADAPTACIÓNS CURRICULARES | CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL | CRITERIOS ESPECÍFICOS |
| | DESTINATARIOS:<br>Alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.<br><br>REQUISITOS PREVIOS:<br>Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.<br>A familia será informada desta medida de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito. | As adaptacións curriculares serán de aplicación, unha vez esgotadas medidas ordinarias de atención á diversidade. |

| | | |
|---|---|---|
| | REFERENTE:<br>As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.<br><br>DURACIÓN<br>A duración das adaptacións do currículo será dun curso.<br><br>PROCESO DE ELABORACIÓN<br>Partirase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do curso. | |

| | | |
|---|---|---|
| | O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021,pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.<br><br>A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular, con carácter xeral antes da finalización do mes de novembro, ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización.<br><br>As ACS formarán parte do expediente do alumnado. | |

| | | |
|---|---|---|
| | DESENVOLVEMENTO<br>Na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.<br><br>AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN<br>A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.<br><br>As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral | |

| | | |
|---|---|---|
| | Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlles a promoción ou titulación.<br><br>As familias serán informadas. Nesta información incluirase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información. | |

| AGRUPAMENTOS FLEXIBLES | CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL |
|---|---|
| | Son agrupamentos temporais do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e aprendizaxe.<br><br>Poden levarse a cabo en todos os cursos da ESO. O alumnado derivado a un agrupamento flexible pertencerá para todos os efectos a un mesmo nivel educativo e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o profesorado do agrupamento flexible.<br><br>Materias: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas<br><br>Permanencia: poden realizarse na totalidade do horario semanal da área ou da materia. Un mesmo alumno/a poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos do horario semanal do grupo ordinario.<br><br>Organización: deberá organizarse co profesorado do centro con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente con aquel que conte coa especialidade da área ou da materia. Esta medida non supón ampliación de unidades do centro nin incremento da dotación do profesorado.<br><br>Número máximo: 10 alumnos/as na ESO.<br><br>Avaliación: a avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle ao profesorado que imparta a área ou a materia no agrupamento específico. A participación dun agrupamento flexible constará nos documentos oficiais de avaliación. |

| | |
|---|---|
| APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PT/AL | CRITERIOS ESPECÍFICOS |
| | DESTINATARIOS DOS APOIOS<br>Dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con NEAE.<br><br>CRITERIOS DE APLICACIÓN DA MEDIDA DE APOIO<br>● Priorizarase a atención do alumnado con NEE por parte da/do PT ou AL.<br>● Con carácter xeral, priorizaranse os apoios nas materias instrumentais, aínda que poderán realizarse en calquera das materias do currículo, correspondendo a proposta á xefatura do departamento de orientación segundo as necesidades detectadas en cada curso e os recursos persoais dispoñibles.<br>● Os apoios desenvolveranse, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia.<br>● Soamente se levarán a cabo fóra da aula en casos excepcionais e deberán estar recollida esta medida no informe psicopedagóxico e a familia debidamente informada. Terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea. |

| | |
|---|---|
| | ORGANIZACIÓN DA MEDIDA DE APOIO NO CENTRO<br>● Elaboración dos horarios do profesorado de apoio: a xefatura do Departamento de Orientación elaborará a proposta de organización de horarios de apoio, ao comezo do 1º trimestre, que elevará á xefatura de estudos para a súa aprobación definitiva. Farase en función das necesidades detectadas no alumnado en cada curso escolar, e os recursos dispoñibles no centro.<br>● Os horarios do mes de setembro faranse tendo en conta as necesidades coñecidas segundo os informes dispoñibles do curso anterior, e entenderanse, en todo caso, provisionais.<br>● No mes de outubro, e en todo caso tras a celebración das avaliacións iniciais, farase unha proposta definitiva dos horarios dos apoios<br>● .<br>●<br>● Esta proposta someterase a revisión contínua, introducindo as variacións necesarias en función da definición de novas necesidades, e, en todo caso, en función dos resultados das avaliacións parciais do curso. O carácter flexible dos horarios é unha cuestión imprescindible, especialmente ante a incorporación de alumnado con NEE ou ante variacións na escolarización do alumnado con NEE ou NEAE no centro.<br><br>DESENVOLVEMENTO DOS APOIOS DENTRO DA AULA ORDINARIA<br><br>● Unha vez definidos os apoios no centro, o profesorado titular da materia coordinarase e consensuará co profesorado de apoio a metodoloxía e os contidos a reforzar.<br>● O profesorado da/s materia/s obxecto de apoio informará anticipadamente ao profesorado de PT da programación de aula, co fin de realizar conxuntamente as adaptacións necesarias segundo as necesidades educativo de cada neno/a. |

DESENVOLVEMENTO DOS APOIOS FÓRA DA AULA ORDINARIA

| | | |
|---|---|---|
| PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN | CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL |
| | Consiste nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de ESO e están orientados á consecución do titulo de graduado en ESO. Dous cursos de duración.<br><br>Destinatarios: alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros curso da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do título.<br><br>Metodoloxía: empregarase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral. |
| GRUPOS DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS | CRITERIOS ESPECÍFICOS |
| | DESTINATARIOS:<br>● Alumnado con NEAE por condicións persoais ou de historia escolar, por proceder, do estranxeiro, que, tras o proceso de avaliación inicial no centro, se constate que descoñece as dúas linguas oficiais de Galicia.<br><br>AGRUPAMENTOS<br>● O alumnado debe pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel.<br>● Debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión. |

| | |
|---|---|
| | DURACIÓN DO AGRUPAMENTO<br>● Máximo dun trimestre, con carácter xeral (aínda que o Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional). Se, antes de rematar ese prazo, o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida, poderá incorporarse ao seu grupo ordinario.<br><br>DESENVOLVEMENTO<br>● O alumnado permanecerá no agrupamento dentro dos límites establecidos pola normativa vixente (24 períodos lectivos  na ESO).<br>● Recibirá apoio fóra do contexto ordinario da aula, para a inmersión lingüística nas linguas oficiais da nosa comunidade<br>● O profesorado encargado dos mesmos desenvolverá o traballo de inmersión lingüística, seleccionando os materiais precisos para a súa intervención, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, e coordinarase co profesorado do grupo ordinario ao que pertenza a alumna ou o alumno.<br>● O profesorado encargado do agrupamento será determinado pola xefatura de estudos ,  en función da especialidade e dispoñibilidade horaria.<br><br>AVALIACIÓN<br>● Realizaraa o profesorado encargado dese agrupamento: servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nel.<br>● As sesións de avaliación realizaranse segundo o procedemento xeral (aínda que poderá asistir a esas sesións, con voz e sen voto, o profesorado que realizou a intervención específica nese grupo). |

| | |
|---|---|
| GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR | ● DESTINATARIOS:<br><br>Alumnado de ESO que, procedendo do estranxeiro e non contando con adaptación curricular, presente un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo no que estea escolarizado nas áreas ou materias instrumentais de Lingua Galega e Literatura, de Lingua Castelá e Literatura, e de Matemáticas.<br><br>● AGRUPAMENTOS :<br>- Os agrupamentos realizaranse co alumnado da mesma etapa educativa.<br>- O alumnado poderase incorporar plenamente ao grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfasamento curricular. Tempo máximo de permanencia: un curso escolar.<br>- O horario semanal máximo (nas áreas instrumentais): 10 sesións en ESO. Non pode abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas ou das materias coas que coincide.<br><br>● DESENVOLVEMENTO:<br>- Decidirase a conformación dun grupo de adaptación da competencia curricular cando a partir da avaliación inicial, realizada no momento da incorporación do alumnado ao sistema educativo galego, se verifique o desfasamento curricular indicado no punto anterior e se considere a medida máis adecuada para a inclusión dese alumnado e para o seu desenvolvemento curricular. Pode complementarse con avaliación psicopedagóxica. |

| | |
|---|---|
| | - A conformación ou constitución dun grupo de adaptación da competencia curricular, así como o procedemento para a súa solicitude e a súa autorización, realizarase segundo o anexo XI da Orde 8 de setembro.<br>- Profesorado: na ESO o profesorado que atenderá a este grupo pertencerá preferentemente, ás especialidades das materias instrumentais que se van desenvolver no referido grupo e deberá contar con dispoñibilidade horaria<br>- As familias serán informadas sobre os progresos na superación do desfase curricular, así como a súa inclusión na vida do centro.<br><br>● AVALIACIÓN:<br>- A emisión das cualificacións corresponde ao profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información proporcionada polo profesorado encargado do agrupamento. Este profesorado pode asistir sen voto ás sesións de avaliación. |

| FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN | CRITERIOS XERAIS |
|---|---|
| | **Flexibilización da duración do período de escolarización na ESO**<br><br>Redución ou ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.<br><br>– **Redución** do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais:<br><br>● Na etapa da ESO: Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a permanencia en etapas anteriores. Esta redución non poderá afectar ao derradeiro curso da etapa<br><br>– **Ampliación** da duración do período de escolarización. Alumnado NEE:<br><br>● ESO: Ampliación dun curso escolar. Non poderá permanecer na etapa máis alá dos 19 anos, no caso de centros ordinarios, ou dos 21 no caso de unidades ou CEE escolarizado a tempo completo. ● Poderá solicitarse unha segunda ampliación extraordinaria para alumnado escolarizado a tempo completo nunha unidade ou CEE, sen que poida permanecer na etapa máis alá dos 21 anos de idade |

| | |
|---|---|
| | **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato**<br>– O alumnado con altas capacidades intelectuais poderá reducir a duración das ensinanzas de bacharelato a un curso escolar se, ademais de cumprir os requisitos, realiza unha proba extraordinaria de avaliación das materias de 1º de bacharelato.<br>-Flexibilización do bacharelato para o alumnado con NEE:<br>● O alumnado con NEE poderá ampliar a permanencia no bacharelato fragmentando os seus cursos por materias.<br>● Neste caso, poderá optar á ampliación extraordinaria dun curso máis por cada un dos dous cursos académicos, sen superar a permanencia total de 6 anos nestas ensinanzas.<br>– Realizada a sesión de avaliación inicial a dirección do centro presentará a solicitude no servizo territorial de inspección educativa para que se emita informe.<br>– Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:<br>● Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo DO en colaboración co/a profesor/a que exerza a titoría.<br>● Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da titoría legal do/a alumno/a, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.<br>● Copia do expediente académico. |

| | |
|---|---|
| | – O servizo de inspección remitirá a documentación, xunto co seu informe, á Xefatura Territorial, a quen corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización.<br><br>– Prazos no procedemento de flexibilización:<br><br>● Para presentar as solicitudes perante o servizo territorial de inspección educativa: ata o 31 de outubro de cada curso académico. |

| Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo ou alumnado en situacións extraordinarias | CRITERIOS XERAIS |
|---|---|
| | **Atención educativa domiciliaria**<br>– Destinatarios:<br>● Alumnado escolarizado en centros docentes sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes.<br>● Alumnado que padeza algunha doenza crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.<br>– A prestación de atención educativa domiciliaria someterase a revisión, como mínimo en cada avaliación, co obxectivo de reincorporación do alumnado ao ensino presencial, de xeito gradual, se así se determina.<br>– O profesorado de atención educativa domiciliaria, tendo en conta a programación didáctica do ciclo/nivel, elaborará, en coordinación coa persoa titora e co asesoramento da XDO, un programa individualizado que desenvolverá coa alumna/o.<br>– A persoa titora coordinarase regularmente co profesorado de atención educativa domiciliaria, a quen trasladará, obtidas do equipo docente, as tarefas planificadas para a aula ordinaria e a súa temporización.<br>**Atención educativa hospitalaria**<br>Alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:<br>● Longa hospitalización: máis de 30 días. |

<table>
<tr><td></td><td>● Media hospitalización: entre 15 e 30 días.<br><br>● Curta hospitalización: menos de 15 días.<br><br>– O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar actividades educativas de carácter xeral.<br><br>– O profesorado de atención educativa hospitalaria informará ás familias da existencia e características do servizo. Igualmente, informará á inspección educativa do horario, da coordinación cos centros docentes e do mantemento do vínculo coa aula ordinaria, da colaboración coas familias, da colaboración con entidades, ...</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Alumnado sometido a medidas de protección e tutela</td><td>CRITERIOS XERAIS</td></tr>
<tr><td>O alumnado en situación de tutela, garda ou acollemento. Debe contar coas medidas de protección que garantan a súa escolarización e o seu desenvolvemento integral. Serán considerado alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.<br><br>Os centros educativos asegurarán a continuidade do proceso educativo deste alumnado, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan. No deseño de actividades teranse en conta as que promovan a participación e o autocoñecemento, así como as que melloren a autoestima dese alumnado, aspectos necesarios para a súa inclusión.</td></tr>
</table>

| Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar. | CRITERIOS XERAIS |
|---|---|
| | Considérase alumnado afectado por medidas de violencia de xénero aquel que o acredite nos termos que se establecen no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Na atención educativa deste alumnado terase en conta:<br>·A súa consideración como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.<br>·A súa escolarización nos casos de cambio de centro docente.<br>·A continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o coidado de todos os aspectos que favorecen o seu desenvolvemento persoal e social.<br><br>Considérase acoso escolar calquera xeito de vexación ou malos tratos continuados no tempo dunha alumna ou dun alumno por outro ou outra ou outros, sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. Na atención educativa deste alumnado terase en conta:<br>·A súa consideración, para todos os efectos, como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.<br>·As situacións probadas de acoso escolar terán a consideración de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ou faltas moi graves, polo que serán tratadas segundo o establecido na normativa correspondente. |

<table>
<tr><td></td><td>·Se as familias do alumnado acosado solicitan un cambio de centro, o servizo territorial da Inspección Educativa deberá constatar a efectiva concorrencia da situación alegada e, de ser o caso, propor as medidas necesarias para a inmediata escolarización noutro centro docente.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Alumnado pertencente a familias itinerantes</td><td>CRITERIOS XERAIS</td></tr>
<tr><td>Alumnado pertencente a familias itinerantes aquel que, por razóns socioeconómicas da súa nai, do seu pai ou das persoas titoras legais, non pode asistir de xeito continuado ao mesmo centro docente, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar. Ese alumnado será considerado, para todos os efectos, alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.<br><br>Prestarase atención especial á inclusión e á normalización do devandito alumnado, e porán ao seu dispor as medidas de atención á diversidade que precise, así como, de ser o caso, os servizos complementarios de transporte e comedor, nas condicións establecidas con carácter xeral para o resto do alumnado.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Atención educativa a mozas embarazadas</td><td>CRITERIOS XERAIS</td></tr>
<tr><td>Esta atención está destinada a facilitar o proceso educativo das menores durante o seu embarazo e nos dous anos posteriores ao parto, e recóllense, entre outras, as seguintes medidas:<br><br>Considérase como alumna con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | ·Os centros educativos facilitarán a asistencia ás probas prenatais ás persoas proxenitoras (aos dous), adecuando os procesos de ensino e de aprendizaxe ás súas necesidades.<br>·A menor de idade terá dereito á atención educativa domiciliaria se durante o proceso de xestación precisa repouso, por prescripción médica.<br>·Os centros docentes adaptarán as datas e o horario das probas de avaliación das persoas proxenitoras, durante o proceso de xestación e ata os dous anos de idade da filla ou fillo.<br>·Potenciarase a comunicación e o mantemento do vínculo co ámbito educativo, intentando evitar un posible abandono escolar temperán.<br>·Propiciarase o uso de medios telemáticos cando a asistencia ao centro non poida ser continuada por mor do embarazo, do parto ou do coidado da súa filla ou fillo.<br>·Facilitaranse as entradas e saídas ao centro docente da menor de idade para a lactación da súa filla ou do seu fillo ata os dous anos de idade. De ser o caso, ofreceráselle a posibilidade de levar a cabo a lactación nunha dependencia do centro docente que cumpra as condicións de privacidade e tranquilidade.<br>·Terán consideración de faltas xustificadas as ausencias ao centro educativo por motivo de actividades de preparación do parto, así como as derivadas deste e da atención e da asistencia médica da filla ou fillo. |

| OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE |
| --- |
| Agrupación de materias en ámbitos |

DESTINATARIOS : alumnado da etapa de secundaria Obrigatoria .

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE:

A proposta de organización curricular de áreas/materias en ámbitos concretarase en función das características e necesidades detectadas nos informes individuais/consellos orientadores do alumnado , en base a súa evolución, logro de obxectivos e o grao de adquisición das competencias correspondentes.

O centro docente adoptará esta medida coa finalidade de:

a) Consolidar e reforzar as aprendizaxes para un adecuado desenvolvemento das competencias clave.

b) Motivar o alumnado por medio de metodoloxías activas de aprendizaxe.

c) Promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.

E remitirá a solicitude de autorización ao Servizo Territorial de Inspección Educativa ,antes do 13 de xullo.

DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA:

- A organización dos elementos curriculares nun ámbito realizarase de maneira globalizada. Estas agrupacións deberán respectar os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas/materias que se integren nestes , así como o horario asignado ao conxunto delas.
- Na etapa de primaria, a adopción desta medida realizarase a todos os grupos do nivel .
- No caso de secundaria non condiciona todos os grupos do nivel, nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos . Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo.
- O nome do ámbito resultante da agrupación de áreas/materias será a concatenación dos nomes das áreas materias que constitúen o dito ámbito.

| Exención de 2ª lingua estranxeira. |
|---|
| DESTINATARIOS<br>Alumnado do primeiro e segundo curso da ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas.<br><br>DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA: INCORPORACIÓN Á EXENCIÓN.<br>Informe de proposta:<br>A persoa titora do curso anterior deberá elaborar un informe, coa colaboración do Departamento de Orientación, no que fará explícito o motivo da medida adoptada. Este informe virá acompañado dun xustificante asinado polos pais/nais/ titores legais do alumno/a, no que se constate que foron informados da proposta da medida, e manifesten a súa conformidade ou disconformidade coa mesma.<br><br>No caso de que o/a alumno/a sexa detectado na avaliación inicial de 1º ou 2º de ESO, ou no caso de que proceda doutro centro/comunidade/sistema educativo, e sexa necesario aplicar a medida, tomarase a decisión na xuntanza de avaliación inicial, deixando constancia na acta. Neste caso debe ser a nova persoa titora do alumno a que convoque ás familias para asinar o xustificante onde se faga constar que foron informados da medida.<br><br>A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida<br><br>DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA: APLICACIÓN DO REFORZO.<br>O reforzo educativo levarase a cabo fóra do espazo físico onde se está impartido a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Será responsabilidade do profesorado con dispoñibilidade horaria que determine a xefatura de estudos do centro, no marco das súas competencias.<br><br>CONSTANCIA NOS DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN<br>Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento. |

| Exención  da cualificación das probas de lingua galega. |
|---|
| DESTINATARIOS<br>Alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.<br>*A exención non se pode estender a aqueles supostos en que o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore posteriormente ao sistema educativo galego.*<br><br>PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE<br>A exención solicitarase perante a dirección do centro, para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano.<br>A dirección resolverá sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles.<br><br>DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA<br>O alumnado asistirá ás aulas co fin de que, ao remate do prazo da exención, teña un dominio adecuado da lingua galega e poida seguir as ensinanzas propias do nivel no que está matriculado/a (o incumprimento deste aspecto pode determinar a revogación da exención.<br><br>DURACIÓN<br>Poderán obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.<br><br>CONSTANCIA NOS DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN<br>Consignarase como exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. |

| Organización do bacharelato en tres anos académicos |
|---|
| DESTINATARIOS:<br>Alumnado que curse de maneira simultánea ensinanzas profesionais de música/danza, que acredite a condición de deportista de alto nivel/rendemento ou que presente NEAE<br>SOLICITUDE:<br>O alumnado achegar xunto coa solicitude un informe que acredite as circunstancias que xustifiquen a adopción da dita medida<br>DESENVOLVEMENTO DA MEDIDA:<br>Dacordo co disposto no art. 10 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o DECRETO 157/2022 de 15 de setembro. |

| RECURSOS PROFESIONAIS ESPECIALIZADOS |
|---|
| **Intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira** |
| Recurso extraordinario de apoio aos centros docentes que escolarizan alumnado con NEE asociadas a discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, en grao severo ou profundo, de cara a favorecer a súa inclusión e a eliminación de barreiras á comunicación. No artigo 81 da Orde 8 de setembro especifícanse de maneira as funcións e actuacións máis relevantes.<br>A solicitude inicial na primeira quincena do mes de maio, xunto co ditame de escolarización no que se xustifique a necesidade deste recurso. O equipo directivo do centro docente, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, será o responsable de organizar o horario deste profesional.<br>A continuidade deste persoal deberá revisarse todos os cursos mediante informe realizado polo departamento de orientación, no que se xustifique a necesidade. |
| **Persoal auxiliar coidador** |
| Recurso profesional de apoio aos centros docentes para atender o alumnado con NEE escolarizado en educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, en educación secundaria postobrigatoria que presente algunha das |

seguintes características e necesidades:

a) Acompañamento en todos ou en parte dos seus desprazamentos.
b) Asistencia na súa hixiene e aseo.
c) Asistencia imprescindible na súa alimentación.
d) Cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar, para os que careza da autonomía necesaria.
e) Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

A intervención deste profesional será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo. No artigo 80 da Orde 8 de setembro especifcanse ás súas funcións.

Este profesional poderá prestar atención a varios alumnos e alumnas, en función do seu horario laboral e das necesidades que presente cadaquén.

A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con NEE non excederá de 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado.

En todo caso, esta atención programarase en función do que figure nos ditames de escolarización emitidos polos servizos de orientación. O equipo directivo do centro docente, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, será o responsable de organizar o horario.

A solicitude inicial na primeira quincena do mes de maio, xunto co ditame de escolarización no que se xustifique a necesidade deste recurso. A continuidade deste persoal deberá revisarse todos os cursos mediante informe realizado polo departamento de orientación, no que se xustifique a necesidade.

# 7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS

## MEDIDAS ORDINARIAS

**1. Elaboración de grupos**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Asesora DO | Xullo | Informes xuntas avaliación<br>Informes centros adscritos |

**2. Desdobramento de grupos**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Asesora DO | Xullo | Informes xuntas avaliación<br>Informes avaliación inicial<br>Informes centros adscritos |

**3 . Agrupación de materias/áreas en ámbitos**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|---|---|
| - CCP establece mecanismos<br>- Xunta avaliadora<br>- DO (asesora)<br>- Equipo Directivo (organización e solicitude)<br>- Servizo Territorial de Inspección ( autoriza) | Solicitude antes do 13 de xullo | Informes individuais<br>Consellos orientadores |

**4. Exención da 2ª lingua estranxeira**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | RECURSOS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Persoa titora de 6º E.P, 1º de ESO e 2º de ESO (recomenda)<br>Asesora DO | Avaliación Inicial | Informes xuntas avaliación<br>Informes avaliación inicial<br>Informes centros adscritos |

**5. Aplicación de reforzo educativo:**

Sempre que sexa necesario. Implicará modificación metodolóxica sobre elementos non prescritivos incluíndo procedementos de avaliación.

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Profesorado da materia/área correspondente (deseña e aplica)<br>DO (asesora ) | En calquera momento do curso | Comunicación ás familias.<br>Rexistro no XADE |

**6. Apoio do profesorado dentro da aula**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | LUGARES |
|---|---|---|
| -Equipo directivo<br>-DO (asesora)<br>-Profesorado titor/responsable da materia (elabora e avalía)<br>-Profesorado con dispoñibilidade horaria | En calquera momento do curso | Dentro da aula.<br>Puntualmente fóra |

**7. Programas de enriquecemento curricular**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| -Equipo directivo (supervisa )<br>-DO (asesora)<br>-Profesorado da materia correspondente (elabora e avalía)<br>Profesorado titor: coordina equipo docente<br>-Profesor especialista con dispoñibilidade horaria | En calquera momento do curso | Comunicación<br>Rexistro no XADE |

## 8. Programas de reforzo nas áreas instrumentais

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| -Equipo directivo (supervisa )<br>-DO (asesora)<br>-Profesor/ titor | En calquera momento do curso | Comunicación<br>-Rexistro no XADE |

## 9. Programas de seguimento de alumnado con materias pendentes

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| - CCP establece mecanismos<br>- Departamentos<br>- Equipo Directivo (supervisa) | Setembro (secundaria) | Informes xuntas avaliación<br>Informes centros adscritos |

## 10. Programas de recuperación de materias suspensas

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| -CCP establece mecanismos<br>-Departamentos<br>-Profesorado da materia | Ao longo do curso | -Comunicación a familias<br>-Reflectirase nas programacións |

## 11. Programas específicos personalizados

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| -CCP establece mecanismos<br>- Xunta avaliadora<br>-Persoa titora coordina | Setembro( ESO) | -Comunicación ás familias |

**12. Programas de habilidades sociais e mellora da convivencia**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| - Departamento de Orientación<br>- Claustro aproba | A principios de curso | -Considerar no plan de benestar e convivencia.<br>-Incluír no PAT<br>-Programa intervención específico individualizado |

# MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

**1. Adaptacións curriculares**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo docente (decide)<br>DO (asesora)<br>Profesorado materia (deseña e aplica)<br>Inspección Autoriza | Con carácter xeral, ao longo do primeiro trimestre | Comunicación ás familias<br>Rexistro no XADE |

**2. Agrupamento flexibles**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>DO (asesora)<br>Inspección (autoriza) | Durante o mes de setembro | Comunicación ás familias<br>Autorización da inspección<br>Rexistro no XADE |

**3. Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL, intérprete de lingua de signos**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo docente (decide)<br>DO (asesora) | En calquera momento do curso | Comunicación familias<br>Elaboración do plan |

| | | |
|---|---|---|
| Profesorado Titor (seguimento)<br>PT/AL (implementa)<br>Intérprete de lingua de signos (facilita a comunicación) | | de traballo<br>Seguimento pola titoría<br>Formación especializada dos equipos docentes |

**4. Flexibilización da duración do período de escolarización**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Profesorado Titor (propón)<br>DO (asesora)<br>Equipo directivo (tramita)<br>EOE (asesora)<br>Inspección (informa)<br>Secretaría Xeral de Educación e FP (autoriza) | Ao remate do curso | Comunicación familias<br>Autorización da Secretaría Xeral de Educación e FP |

**5. Modalidade de escolarización**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Profesorado Titor (propón)<br>DO (asesora)<br>Euipo directivo (tramita)<br>EOE (asesora)<br>Inspección (informa)<br>Xefatura Territorial (autoriza) | Ao remate do curso | Comunicación familias<br>Seguimento trimestral<br>Coordinación co centro de EE<br>Autorización da Xefatura Territorial |

### 6. Programas de diversificación curricular

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Xunta avaliadora (propón)<br>Equipo directivo (tramita)<br>Inspección (aproba) | Antes do inicio do curso | Comunicación ás familias<br>Autorización da inspección |

### 7. Formación Profesional Básica

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Xunta avaliadora (propón)<br>Equipo directivo (tramita)<br>DO (asesora) | Na avaliación final | Comunicación ás familias<br>Solicitude no centro que está escolarizado o alumnado<br>Proposta e Informes a través da aplicación "ciclos admisión" |

### 8. Atención educativa á alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades de asistencia continuada a un centro educativo

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Asesora DO.<br>Profesorado Titor | Ao longo do curso | Elaboración protocolo de actuación e coordinación |

**9. Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>DO (asesora)<br>XT (autoriza) | Ao longo do curso | -Envío de documentación á Xefatura Territorial<br>-Elaboración dun plan coordinación co profesorado externo<br>-Autorización do Xefatura Territorial |

**10. Grupos de adquisición de linguas**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Asesora DO.<br>Profesorado Titor<br>Profesorado con dispoñibilidade horaria | En calquera momento do curso | Comunicación ás familias<br>Definición do tempo e carga horaria |

**11. Grupos de adaptación da competencia curricular**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Asesora DO.<br>Profesorado Titor<br>Profesorado con dispoñibilidade horaria | En calquera momento do curso | Comunicación ás familias<br>Definición do tempo e carga horaria |

**12. Alumnado de incorporación tardía con desfase curricular**

| RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Departamento de Orientación | En calquera momento do curso | Comunicación familias<br>Definición das medidas de atención á diversidade |

# 8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS

### 8.1 MECANISMOS DE COORDINACIÓN DOCENTE NO CENTRO:

- Reunións de xunta de avaliación inicial e trimestrais.
- Reunións dos departamentos didácticos.
- Reunións dos equipos docentes co DO.
- Reunións propias do departamento de orientación.
- Reunións de coordinación entre o Departamento de Orientación coas persoas titoras dos grupos.
- Reunións de Comisión de coordinación pedagóxica e demais órganos de participación (Comisión de Convivencia, por exemplo) e goberno do centro (Claustro de Profesorado, Consello Escolar).
- Coordinación cos Centros de primaria adscritos: CEIP Cidade Vella, CEIP Torre de Hércules e CEIP Víctor López Seoane.

### 8.2 MECANISMOS DE COORDINACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS:

- Levarase a cabo unha coordinación trimestral cos Departamentos de Orientación dos centros de primaria adscritos. Para elo realizaranse reunións no último trimestre do curso anterior ao que se escolaricen no Instituto para conseguir os obxectivos arriba marcados. Para lograr unha mellor transición do alumnado con NEE á Secundaria planificaranse reunións previas coas familias e, de ser o caso, coas propias alumnas/os nos primeiros días do Instituto, así como con servizos externos que puideran estar intervindo.
- Ao longo do curso, esta coordinación será máis activa para levar a cabo as seguintes actuacións: Intercambio de información sobre os alumnos e alumnas que se escolarizaron no IES para consensuar as liñas de intervención. Información do Plan de Atención á Diversidade do Instituto.

# 9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

As familias reciben, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas de atención á diversidade que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

As accións preventivas e de detección temperá teñen carácter prioritario, coa implicación e participación de toda a comunidade educativa e, no seu caso , doutras administracións ou entidades sen animo de lucro.

MECANISMOS ESPECÍFICOS PARA A COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU PERSOAS TITORAS LEGAIS

A colaboración coas familias será continua, desenvolvéndose prioritariamente a través das persoas titoras, que desenvolverán as súas funcións de información e coordinación nas horas destinadas á atención a pais e nais do alumnado do seu grupo.

Para lograr unha mellor transición do alumnado con NEAE á Secundaria promoveranse reunións individualizadas nas primeiras semanas do curso, entre as persoas titoras e os/as responsables legais de cada alumnao/a con NEAE: O Departamento de Orientación procurará participar nas xuntazas anteditas.

Durante o curso, as familias poderán solicitar as reunións necesarias co profesorado responsable das materias do/s seu/s fillos/as, no marco da hora de atención ás familias de cada docente.

Ao rematar os niveis de 2º, 4º da ESO realizarase un consello orientador individualizado segundo o establecido na normativa vixente. Tamén en 3º da ESO se o esixe a medida de atención á diversidade.

Ademais, ofrecerase información individualizada ás familias do alumnado que non promociona de curso, que ten materias pendentes de superar, e/ou que recibiu medidas de reforzo educativo, segundo o establecido nos anexos oportunos.

**PRINCIPAIS CANLES DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN COAS FAMILIAS**

- Páxina web do centro
- Contacto telefónico
- ABALAR
- Correo electrónico corporativo
- Blogs do centro
- Aula Virtual, de ser o caso
- Reunións presenciais
- Reunións das persoas titoras/profesorado/orientación coas familias: horario atención a familias

**VÍAS DE COLABORACIÓN SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

O centro educativo promoverá a comunicación contínua con organismos e institucións que participan no desenvolvemento global do alumnado, nomeadamente con aquelas coas que, dende a Consellería con competencias en materia de educación, contamos con convenios de colaboración asinados, ou que desenvolven a súa tarefa a través de organismos municipais ou autonómicos nos que se ubica o centro.

A saber: Servizo de Menores da Xunta de Galicia, Servizos Sociais, Centros de Menores, Servizos de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, Centro de Información Xuvenil do Concello, Departamento de Educación do concello, Cruz vermella, Fundación Secretariado Xitano, ONCE, ASPANAES, Down Galicia, ASPACE, FAXPG, outras Asociacións, Fundacións e ONGs: GAIA, FUNDACIÓN AMIGÓ, SOS RACISMO, ACCEM, ASPERGA, ANHIDA, AGADIX, UAMI, AGASEX, AGALURE, ATALAIA, ACLAD, ADAFAD, OMIC, FUNDACIÓN BARRIÉ, ... .

Os contactos realizaranse mediante as vías xerais de comunicación: reunións presenciais, correo corporativo, contactos telefónicos…

O protocolo de Protección de Datos será o marco xurídico que guíe os intercambios comunicativos con cada unha destas organizacións e institucións externas.

# 10. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas ordinarias e/ou extraordinarias.

### 10.1 Intervención Xefatura do departamento de Orientación.

Procederá a realización da avaliación psicopedagóxica cando concorran algunhas das seguintes situacións (*Art. 15 da Orde do 8 de setembro de 2021)*:

- Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
- Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
- Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.
- Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.

Para a valoración do alumnado teremos en conta:

- Características do alumnado escolarizado, Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Necesidade de recursos humanos (profesorado ordinario, especialista en PT/AL, ...).
- Necesidade de colaboración e formación do profesorado.
- Necesidade de colaboración doutros profesionais (persoal auxiliar coidador, intérprete de lingua de signos, persoal sanitario,...).
- Necesidade de colaboración e implicación das familias.
- Necesidade de colaboración con servizos externos (EOE, servizos sociais, sanitarios,...).
- O **protocolo de protección de datos** da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/filesprotocolo_de_proteccion_de_datos_persoais_20out.pdf

Cando se trate de alumnado procedente doutra etapa ou centro educativo, unha vez recibida a documentación, de tratarse de alumnado NEAE, a persoa orientadora do centro poñerase en contacto co DO do centro de procedencia. Cando o alumnado conte con expediente no DO, no momento de traslado de

centro, a xefa do Departamento de Orientación deberá incorporar toda a información recollida no seu expediente

O procedemento a seguir para a realización dunha avaliación psicopedagóxica será o seguinte:

1- Solicitude de intervención cuberta pola persoa titora (unha vez considere esgotadas as medidas ordinarias) ou as persoas proxenitoras. (En caso de que sexa a familia a demandante e se atopen en situación de separación cómpre que estea asinada por ambos proxenitores). Neste caso de petición por parte da familia, a persoa responsable da Xefatura de Orientación valorará se cómpre realizar unha avaliación psicopedagóxica.

2- Constancia escrita das persoas proxenitoras ou titoras de ter sido informada do proceso para proceder á realización da avaliación psicopedagóxica e manifestación de conformidade ou disconformidade coa actuación.

3- Análise de historial do alumnado, informes e documentos facilitados polo centro, mestres...

4-Observación da alumna ou do alumno en aula e tempo de lecer.

5-Entrevista coa familia e análise de informes e documentos facilitados.

6-Aplicación de probas psicopedagóxicas, se procede.
7-Os resultados da avaliación psicopedagóxica reflectiranse nun informe que ten carácter confidencial e formará parte do seu expediente escolar.

O titor/a e a familia será informada dos resultados e estes poderán obter copia do mesmo, previa solicitude por escrito.

## CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN PARA ATENDER AS DEMANDAS DO DO.

Unha das funcións da persoa responsable da Xefatura de Orientación dun centro, entre outras, é a de realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que se reflectirán no seu correspondente informe. Dado o elevado número de demandas que xorden ao longo do curso escolar cómpre establecer uns criterios de priorización de actuación en relación a este aspecto:

1º Criterio de urxencia:

- Requirimento da Administración, con carácter excepcional.
- Escolarización ou cambio na modalidade de escolarización.
- Apertura de Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil
- Informes para as Adaptacións Curriculares.

- 2º Por orde de recepción  de solicitude de intervención e gravidade:

1º Demandas por orde de recepción de alumnos con dificultades de aprendizaxe derivadas de NEE

2º Actualización de informes con máis de dous anos de antigüidade de alumnado con dificultades de aprendizaxe derivadas de NEE.

3º Demandas por orde de recepción de alumnado NEAE que precisen medidas extraordinarias de atención á diversidade

4º Actualización de informes con máis de dous cursos de recepción de alumnado con dificultades de aprendizaxe.

5º Alumnado con outras  necesidades específicas de apoio educativo asociadas a condicións de historia persoal e/ou familiar (segundo grao de gravidade).

6º Intervencións preventivas e globais

Pola súa parte, o EOE da Coruña recolle unha serie de criterios prioritarios de intervención para o curso escolar 2022-2023, entre os que destacamos:

Criterios do EOE para o curso escolar 2023-2024. Atenderanse as solicitudes de intervenció aplicando os seguintes criterios:

1.- Requerimiento da Administración educativa.

2.- Escolarización ou cambio de modalidade de escolarización.

3.- Primeiras valoracións.

4.- Intervencións preventivas e globais.

5.- Demandas de quenda xeral (sen especificar) de carácter prioritario.

6.- Intervencións nas que se aplicaron previamente estratexias dadas polo EOE.

7.- Seguimentos.

### 10.2 PROTOCOLOS

| PROTOCOLOS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS | |
|---|---|
| Adaptacións curriculares | 1 Informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación.<br>2 Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión para analizar os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidir a pertinencia ou non de AC e as áreas ou materias a adaptar.<br>3 Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte.<br>4 A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente de adaptación.<br>5 Escrito da dirección do centro docente ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. |
| Agrupamentos Flexibles | 1 Informe do profesorado titor sobre a proposta do alumnado<br>2 Informe da xefatura do DO sobre as circunstancias do alumnado proposto para ese agrupamento<br>3 Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa.<br>4 Escrito da dirección ao STIE para a autorización da medida. |
| Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL | ● Proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio.<br>● Modelo de programas de intervención.<br>● Modelo de informe individual de cada alumno/a ao que prestara apoio.<br>● Modelo da memoria que se entregará á xefatura do departamento de orientación para incluir na memoria anual deste departamento. |
| Flexibilización da duración do período de escolarización | **Redución** |
| | 1 Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial.<br>2 Informe do profesorado titor.<br>3 Informe psicopedagóxico.<br>4 Conformidade expresa da nai, do pais ou das persoas titoras legais da alumna/o.<br>5 Historial académico.<br>6 Proposta de AC. |
| | **Ampliación** |
| | 1 Escrito da dirección do centro docente solicitando a medida.<br>2 Informe da titora/titor no que se xustifique a necesidade desta medida.<br>3 Informe psicopedagóxico.<br>4 Conformidade expresa da nai/pai/titor/a legal. |

| | |
|---|---|
| | 5 Historial académico.<br>6 Proposta de adaptación do currículo. |
| | **Bacharelato: redución para altas capacidades** |
| | 1 Solicitude de participación na proba extraordinaria de avaliación do 1º bac da nai/pai da persoa interesada, ante a dirección do centro docente onde foi admitida/o, achegando:<br>● Acreditación polos servizos de orientación como alumna/o de altas capacidades.<br>● Certificación académica de 4º ESO.<br>● A dirección do centro autorizará se cumpre os requisitos indicados.<br>2 A familia presenta unha solicitude de flexibilización ante a dirección do centro<br>3 Escrito da dirección, para a autorización da medida:<br>● Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.<br>● Copia da acta de avaliación final. |
| | **Bacharelato: fragmentación por materias** |
| | 1 Solicitude da dirección do centro docente:<br>● Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado pola titora/titor.<br>● Informe dos servizos de orientación, no que se acrediten as NEE e se propoña esta medida.<br>● Conformidade expresa da nai/pai/titor/a legal.<br>● Copia do historial académico da alumna/o.<br>● Proposta da nova distribución temporal para cursar ensinanzas de bacharelato. |
| PDC | ● Informe individualizado da persoa titora do alumnado proposto.<br>● Informe da xefatura do departamento de orientación por cada alumno/a coas conclusións do titor/a, da avaliación psicopedagóxica e a opinión da nai/pai sobre a medida proposta.<br>● Proposta á dirección do centro coa opinión da nai/pai.<br>● Escrito da dirección do centro para solicitar a autorización do Servizo Territorial de Inspección Educativa. |
| Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao | **Atención domiciliaria**<br>1 Solicitude da nai, do pai ou persoas titoras legais do alumnado á dirección do centro docente, xunto co correspondente informe dos servizos sanitarios.<br>2 Informe da dirección do centro docente respecto da dispoñibilidade ou non de profesorado do propio centro para desenvolver esta atención educativa.<br>3 O profesorado da atención educativa domiciliaria, tendo en |

| | |
|---|---|
| centro educativo | conta a programación do ciclo ou nivel e un informe da situación académica do alumnado, facilitada polo/a titor/a, elaborará, en coordinación con este e co asesoramento da xefatura do DO, un programa individualizado de atención educativa.<br>4 A persoa titora coordinarase regularmente co profesorado de AED, a quen trasladará, recadadas do equipo docente, as tarefas planificadas para a aula ordinaria e a súa temporalización.<br>5 Informe mensual ou previo a cada avaliación, do profesor/a de atención domiciliaria.<br>6 Memoria do profesor/a de atención domiciliaria, ao remate do curso, que se entregará á persoa titora. |
| Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro | ● No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial,<br>● Avaliación psicopedagóxica si é o caso.<br>● Comunicación ao STIE para unha escolarización inferior ao que lle correspondería por idade, si é o caso.<br>RECEPCIÓN:<br>● Unha vez que a secretaría do centro reciba unha solicitude de matrícula informará a xefatura de estudos e a orientación.<br><br>MATRÍCULA (PROVISIONAL OU DEFINITIVA):<br>● O alumnado será escolarizado, con carácter xeral no curso que lle corresponde por idade. Será a Xefatura de estudos en colaboración co departamento de orientación, e co fin de acadar unha distribución equilibrada do alumnado, quen decida o grupo no que o alumno/a se escolarizará provisionalmente, informando á persoa titora e equipo docente da incorporación do alumno/a da data de avaliación inicial do alumno/a, que con carácter xeral será de dúas semanas.<br><br>AVALIACIÓN INICIAL:<br>● Cada profesor/a realizará unha avaliación das competencias clave do alumno/a na súa materia mediante as probas de competencia curricular que o departamento didáctico determine, co asesoramento e soporte técnico do Departamento de Orientación.<br>● No prazo máximo de dúas semanas, desde a incorporación do alumno/a, celebrarase unha reunión de equipo docente, coordinada por xefatura de estudos, para determinar o curso definitivo onde se escolarizará o alumno/a. Non poderá escolarizarse en máis de un curso por debaixo da súa idade, segundo o disposto na |

| | |
|---|---|
| | normativa vixente.<br><br>MATRÍCULA DEFINITIVA:<br>●Rematada a avaliación inicial xefatura de estudos informará ao alumno/a, familia e a secretaría do curso definitivo de escolarización. |
| | |
| Grupos de Adquisición de Linguas e Grupos de adquisición da competencia curricular | Para constituír un grupo de adquisición de linguas será necesaria a solicitude da dirección do centro docente ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente, achegando a seguinte documentación:<br>1 Solicitude da dirección ao STIE<br>2 Informe xustificativo do profesorado titor.<br>3 Relación do alumnado que conforma o grupo, con indicación da etapa e do curso.<br>4 Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.<br>5 Acreditación da información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais.<br>6 Especificación do período de tempo para o cal se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o cal se propón.<br>7 Programación ou plan de traballo para desenvolver no grupo de adquisición de linguas. |

# 11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTA DE MELLORA DO PLAN

Seguindo o establecido no Decreto 229/2011 o seguimento e a avaliación do PXAD, constituirá o proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade, polo que deberase establecer o procedemento, a temporalización, os indicadores e as persoas responsables dos citados procesos.

O seguimento e avaliación do PXAD realizarase, tal e como se indica na Orde 8 de setembro de 2021, para cada curso académico, sobre a concreción anual do dito plan; o seguimento desta realizarase trimestralmente, por parte do DO do centro. Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro e entregaranse á dirección para a súa incorporación ao seguimento que se realice da programación xeral anual. A avaliación da concreción anual realizarase ao finalizar cada curso, por parte do DO, elaborarase un informe desa avaliación que se dará a coñecer ao claustro e entregarase á dirección para a súa incorporación na memoria anual de centro.

**Para que:**

- Contribuír á mellora da calidade e equidade da educación
- Aumentar a transparencia e eficacia das medidas de atención á diversidade
- Valorar o grao de cumprimento de obxectivos en relación coas necesidades específicas de apoio educativo.
- Difundir os resultados acadados.
- Aportar información para fundamentar unha proposta de mellora.

**Que: Criterios de avaliación**

- Valorar a efectividade das estratexias empregadas e instrumentos utilizados
- Reflectir o nivel de participación da comunidade educativa
- Sinalar o nivel de participación do DO
- Reflectir o grao de adecuación do plan ás necesidades detectadas
- Distinguir o grao de eficacia na identificación das necesidades reais
- Analizar os resultados da avaliación inicial
- Comprobar a adecuación dos recursos humanos e materias ás necesidades detectadas.
- Corroborar a participación e implicación da comunidade educativa no desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Identificar a implicación do DO, titores, equipo directivo, CCP, equipos docentes, departamentos didácticos na aplicación de medidas.
- Velar polo grao de aplicabilidade dos protocolos.

- Comprobar a satisfacción coa selección do alumnado para cada medida.
- Analizar o acerto cos criterios para a selección do alumnado (perfís).
- Reflectir os resultados das distintas medidas e aplicación duns criterios de éxito
- Comprobar a consecución dos obxectivos propostos de cada medida
- Preguntar polo grao de satisfacción dos implicados (alumnos/as, profesores/as e familias).
- Analizar o coñecemento dos distintos procedementos pola comunidade educativa
- Identificar o nivel de satisfacción coas solucións propostas ás dificultades que xurdiron
- Referir a eficacia sentida das diferentes medidas desenvoltas.

**Cando**

- Avaliación inicial: trátase da avaliación de necesidades educativas da que parten as actuacións deseñadas.
- Avaliación continua: Trátase do seguimento da implementación desta concreción do plan de xeral de atención á diversidade.
- Avaliación final: para contrastar o nivel de logro dos obxectivos. Culmina coa elaboración dunha memoria que formará parte da memoria anual, que supón unha síntese dos datos recollidos polos implicados/as, para fundamentar unha proposta de mellora que constituirá un referente fundamental para a toma de decisións para o vindeiro curso, incluirase na Memoria Anual do Centro.

**Quen**

Todos os sectores implicados, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán participar nos procesos de seguimento e avaliación, de acordo cos procedementos que neles se establezan.
O equipo directivo, claustro, a CCP ,departamentos didácticos, titores e equipos docentes, o DO, o alumnado, familias, e os outros axentes implicados nas accións orientadoras do centro.

**Como**

As persoas e os equipos responsables da elaboración do PXAD, tendo en conta os indicadores de seguimento e avaliación que neles figuren, deberán deseñar os instrumentos axeitados para a recollida de información dos diferentes sectores da comunidade educativa.

Utilizaremos a complementariedade de técnicas, cualitativas e cuantitativas, dando sempre preferencia ás máis próximas á práctica educativa real. Destacamos así mesmo a necesidade de triangular para contrastar a información utilizando diversas fontes.

Utilizaremos os seguintes instrumentos:

- Observación participante, entrevistas, cuestionarios, análise de documentos, cadernos de titoría, protocolos cumprimentados, datos e

análise dos resultados académicos, datos recollidos nas xuntas de avaliación.

| INFORME DE AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD | |
|---|---|
| Medidas de atención á diversidade | Incluímos unha breve descrición sobre o deseño da medida e a súa organización<br>Incluímos o nº de alumnos/as en cada unha<br>Explicamos a fórmula estabelecida no centro de coordinación cos equipos docentes |
| Criterios de aceptación | Establecemento do que se espera acadar en cada medida, en % de éxito, por exemplo: que aproben o 50% língua castelá. |
| Valores de partida | Datos sobre a historia persoal e escolar do alumnado sobre o rendemento académico, do alumnado incluído nas medidas. |
| Valores acadados na avaliación | Os resultados acadados por medidas |
| Valoración do logro ou non do obxectivo | Valoración de logros e satisfacción sentida polo alumnado e familias<br>Valoración da coordinación no desenvolvemento e doutros factores que poden estar influíndo. |
| Cumprimento dos criterios de éxito establecidos para cada medida | Si ou non |
| Propostas de mellora en cada medida | Análise dos aspectos que compre modificar en cada medida para acadar mellores resultados. |
| Xustificación da parte da concreción non impartida | |
| Modificacións introducidas durante o curso na concreción do PXAD | Entradas do alumnado novas e saídas do alumnado en medidas<br>Modificacións na organización e/ou desenvolvemento |
| Motivo/os das modificacións. | Información sobre os motivos que suscitan eses cambios |
| Medidas de formación do profesorado aplicadas: grupos de traballo, seminarios, proxectos, publicacións, etc | Descrición da organización de cursos, grupos de traballo etc e nivel de participación do profesorado do centro. |
| Conclusión e propostas de mellora para o próximo curso. | |

# 12. ANEXOS

- Demanda de intervención do Departamento de Orientación Anexo I)
- Autorización para a avaliación psicopedagóxica (ANEXO II)
- Modelo de Informe psicopedagóxico (ANEXO III)
- Plan de reforzo para alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar (ANEXO IV)
- Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso (ANEXO V)
- Programa de habilidades e competencias sociais (ANEXO VI)
- Modelo de proposta de AC de cada área ou materia (ANEXO VII)
- Modelo de expediente de AC (Anexo VIII)
- Solicitude de copia da AC autorizada por parte das familias (ANEXO IX)
- Modelo de seguimento trimestral AC (ANEXO X)
- Conformidade familiar para asistir a un Agrupamento Flexible (ANEXO XI)
- Programa de intervención especialistas PT/AL (ANEXO XII)
- Informe final de curso sobre as medidas de reforzo educativo (ANEXO XIII)
- Proposta provisional para incorporación a un PDC (ANEXO XIV)
- Proposta definitiva para incorporación a un PDC (ANEXO XV)
- Informe individualizado titor/a para incorporación a un PDC (ANEXO XVI)
- Informe individualizado do D.O. para incorporación a un PDC (ANEXO XVII)
- Conformidade familiar para incorporación a un PDC (ANEXO XVIII)
- Solicitude de atención domiciliaria da familia para alumnado con dificultades para unha asistencia continuada ao centro docente (ANEXO XIX)
- Modelo avaliación inicial alumnado procedente do estranxeiro (ANEXO XX)
- Informe de escolarización alumnado estranxeiro con desfasamento curricular (ANEXO XXI)

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**Curso ………../………..**

D./Dª.........................................................................................................................

en calidade de (titor/a, profesor/a, pai/nai,...)...........................................................

SOLICITO a intervención do departamento de orientación na atención:

☐ do alumno/a:.................................................................................................

do nivel......................................... de ........................(ESO/BACHARELATO)

Motivo da solicitude:...........................................................................................................
...................................................................................................................................
...................................................................................................................................

☐ do grupo de :.......... nivel de (ESO/BACHARELATO).......................................

Motivo da solicitude:...........................................................................................................
...................................................................................................................................
...................................................................................................................................

☐ Outros asuntos:.........................................................................................................
………………………………………………………………………….......................
.............................................................................................................................

A Coruña,..............de....................................de ………

Asdo.: .........................................................

## ANEXO II

## AUTORIZACIÓN AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/Dª_____________________________________________(nome da nai/pai), con DNI________________________________ en calidade de pai/nai ou titor/titora legal,

do alumno/a ____________________________________________________,

matriculado durante o presente curso lectivo 202_/2_ no IES Adormideras, no curso___________e tras ser informado polo titor/a das necesidades percibidas na aula ordinaria:

☐ Dou o meu consentimento ao Departamento de Orientación para realizar unha valoración Psicopedagóxica.

☐ Non dou o meu consentimento ao Departamento de Orientación para realizar unha valoración Psicopedagóxica.

En A Coruña, a ........ de ............................ de .............

Asdo:

## ANEXO III

## MODELO DE INFORME PSICOPEDAGÓXICO

DATOS PERSOAIS

HISTORIA ESCOLAR

DATOS DA DEMANDA E MOTIVO DA AVALIACIÓN

DESENVOLVEMENTO XERAL

1. Datos relevantes dos ámbitos físico, cognitivo, emocional e social
2. Circunstancias persoais, familiares e de saúde de interese
3. Influencia do contorno sociofamiliar no desenvolvemento da/o alumna/o
4. Historia escolar
5. Medidas adoptadas
6. Competencia curricular nas distintas áreas ou materias, e grao de adquisición das competencias
7. Ritmo e preferencia de aprendizaxe
8. Potencialidades, motivación, intereses e actividades preferidas
9. Aspectos de creatividade e iniciativa persoal
10. Adaptación socioafectiva, autoconcepto e autoestima
11. Actitude ante o traballo escolar e expectativas académicas e persoais

ASPECTOS RELEVANTES DOS PROCESOS EDUCATIVOS

1. Actuacións que favorecen ou dificultan o rendemento da alumna/o
2. Características do seu grupo-clase
3. Programas do centro docente nos que participa
4. Organización de espazos e tempos no centro docente e na aula
5. Medidas de tipo educativo que se están a desenvolver
6. Interaccións da alumna/o en situacións educativas formais e non formais
7. Persoas profesionais implicadas na intervención educativa, recursos e coordinación

IDENTIFICACIÓN, DE SER O CASO, DA NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO DA ALUMNA/O

PROPOSTA DE RECURSOS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ORIENTACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E/OU REVISIÓN DO INFORME

PROPOSTA DE ESCOLARIZACIÓN (no caso de dictame de escolarización)

En __________ a __ de _________ de 202_

A persoa orientadora

**Asdo.: _______________**

# ANEXO IV

**PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA QUE PASE DE CURSO CON MATERIAS SEN SUPERAR** **(ORDE 8 de setembro de 2021. Artigo 51)**

| | |
|---|---|
| **Apelidos e nome do alumno/a** | |
| **Curso** | |

| | |
|---|---|
| **Materia sen superar** | |

| | |
|---|---|
| **Curriculo para desenvolver** | |
| **Especificación dos criterios de avaliación** | •<br>•<br>• |

| | |
|---|---|
| **Estratexias metodolóxicas a empregar** | •<br>•<br>• |

| | |
|---|---|
| **Recursos necesarios** | •<br>• |

| **Tarefas a realizar** | **Temporización** |
|---|---|
| 1. | |
| 2. | |
| 3. | |

| | |
|---|---|
| 4. | |
| 5. | |
| 6. | |

| | |
|---|---|
| **Seguimento 1ª avaliación** | • <br> • |
| **Seguimento 2ª avaliación** | • <br> • |
| **Seguimento 3ª avaliación** | • <br> • |
| **Avaliación** | ☐ **Materia pendente superada** <br> ☐ **Materia pendente non superada** |

**ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA**

Don /Dona ______________________________ pai / nai da alumna ______________________________ escolarizada/o no IES Plurilingüe Adormideras , fun informada/o do desenvolvemento e contido do Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obligatoria que pase de curso con materias sen superar que está a seguir este curso académico o meu fillo /a miña filla de acordo co disposto co artigo 51 da ORDE 8 de setembro de 2021.

A Coruña, …… de ………….. de 202…

A nai/O pai

Asdo: ______________________________

## ANEXO V

**PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO**

**(ORDE 8 de setembro de 2021. Artigo 52)**

| | |
|---|---|
| **Apelidos e nome do alumno/a** | |
| **Curso** | |

| | |
|---|---|
| **Necesidades educativas que motivaron a repetición de curso** | ☐ Desfasamento curricular<br>☐ Falta de hábitos de estudo/ estratexias non apropiadas<br>☐ Escasa motivación polo ámbito académico<br>☐ Ambiente familiar/social desfavorable<br>☐ Incorporación tardía ao Sistema Educativo<br>☐ Baixo nivel madurativo<br>☐ Outras (indicar brevemente): |

| | |
|---|---|
| **Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior** | ☐ Adecuación estrutura organizativa do centro e xestión da aula ás características do alumnado (ORDE 8 Set. 21 art. 43)<br>☐ Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno (ORDE 8 Set. 21 art. 44)<br>☐ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión (ORDE 8 Set. 21 art. 45)<br>☐ Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación (ORDE 8 Set. 21 art. 46)<br>☐ Aulas de atención educativa e convivencia (ORDE 8 Set. 21 art. 47)<br>☐ Ref. educativo/apoio profesorado c/ dispoñibilidade horaria (ORDE 8 Set. 21 art. 48) |

| | |
|---|---|
| | ☐ Programas de enriquecemento curricular (ORDE 8 Set. 21 art. 49)<br>☐ Plan de reforzo para alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar (ORDE 8 Set. 21 art. 51)<br>Programas de habilidades e competencias sociais<br>(ORDE 8 Set. 21 art. 53) |

| | |
|---|---|
| **Estratexias metodolóxicas a empregar** | •<br>•<br>• |

| | |
|---|---|
| **Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan** | •<br>•<br>• |

| | |
|---|---|
| **Oferta de medidas extraordinarias**<br>(de ser o caso) | Adaptacións curriculares (ORDE 8 Set. 21 art. 55)<br>Agrupamentos flexibles (ORDE 8 Set. 21 art. 56)<br>Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL<br>(ORDE 8 Set. 21 art. 57)<br>Programas de diversificación curricular<br>(ORDE 8 Set. 21 art. 61)<br>Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades<br>para unha asistencia continuada ao centro docente<br>(ORDE 8 Set. 21 art. 62)<br>Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas<br>de responsabilidade penal (ORDE 8 Set. 21 art. 63) |

| | |
|---|---|
| | Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de<br><br>protección e tutela (ORDE 8 Set. 21 art. 64)<br><br>Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de<br><br>violencia de xénero e/ou acoso escolar<br><br>(ORDE 8 Set. 21 art. 65)<br><br>Atención educativa ao alumnado pertencente a familias<br><br>itinerantes (ORDE 8 Set. 21 art. 66)<br><br>Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro<br><br>(ORDE 8 Set. 21 art. 67)<br><br>Grupos de adquisición de linguas (ORDE 8 Set. 21 art. 68)<br><br>Grupos de adaptación da competencia curricular<br><br>(ORDE 8 Set. 21 art. 69)<br><br>Atención a mozas embarazadas (ORDE 8 Set. 21 art. 70) |

| | |
|---|---|
| **Seguimento 1ª avaliación** | • <br>• <br>• <br>• |
| **Seguimento 2ª avaliación** | • <br>• <br>• <br>• |
| **Seguimento 3ª avaliación** | • <br>• <br>• <br>• |
| **Avaliación final de curso** | ☐ **O desenvolvemento e aproveitamento do plan foi satisfactorio.**<br>☐ **O desenvolvemento e aproveitamento do plan non foi satisfactorio** |

**ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA**

Don /Dona________________________________________ pai / nai da alumna/o ________________________________________________

escolarizada/o no IES Plurilingüe Adormideras , fun informada/o do desenvolvemento e contido do Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obligatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso que está a seguir este ano académico o meu fillo /a miña filla de acordo co disposto co artigo 52 da ORDE 8 de setembro de 2021.

A Coruña, …… de ………….. de 202…

A nai/O pai

Asdo: ______________________________

# ANEXO VI

## PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS (ORDE 8 de setembro de 2021. Artigo 53)

**Un programa é un plan de acción ou actuación sistemática e organizada, ao servizo de metas educativas que se consideran valiosas.**

Así as habilidades sociais son condutas verbais e non verbais que facilitan o intercambio social. É dicir, condutas habituais, non esporádicas que fagan máis fácil entendernos, axudarnos, corrixirnos mutuamente, defender os nosos dereitos e respectar ao mesmo tempo os dereitos dos demais.

**Supoñen:**

- Comportamentos adquiridos e aprendidos. Non constitúen un resgo de personalidade.
- Condutas ou destrezas sociais específicas para executar unha tarefa de índole interpersoal. (por ex. facer amigos).

**Por que son necesarias? Porque necesitamos:**

- Relacionarnos adecuadamente.
- Resolver situacións conflitivas.
- Respectar as ideas dos demais.
- Defender os nosos dereitos.
- Estar ben cos demais e eles con nós.

A ORDE do 8 de setembro de 2021 establece, no seu artigo 53, que o Departamento de orientación do centro debe elaborar e desenvolver un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia. O dito programa aplicarase de xeito coordinado entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor. Este programa formará parte do PXAD e o seu seguimento e avaliación realizaraos o Departamento de orientación.

**OBXECTIVOS:**

- Desenvolver no alumnado condutas de interacción básicas no seu contexto social cotiá.

- Desenvolver no alumnado condutas que lle permitan comunicar sentimentos, opinións e afectos de forma asertiva.
- Propiciar un clima de respecto, diálogo e colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Crear novas canles para a resolución e prevención dos conflitos na comunidade educativa, mediante alternativas reeducativas.

**ACTIVIDADES:**

Nas actividades que recollemos neste programa, preténdese traballar os seguintes aspectos:

- Sentimentos e emocións
- Autoconcepto e autoestima
- Comunicación
- Resolución de conflitos.

**METODOLOXÍA**:

Metodoloxía activa e participativa, que pretende que o alumnado aumente a confianza en sí mesmo, que lle resulte fácil e agradable expresar os seus sentimentos, todo nun clima de respecto e confianza, axudándolle a adquirir unha maior autonomía, axudándolle a medrar como persoa xunto aos seus compañeiros/as.

Partiremos da experiencia e da vivencia dos alumnos e das alumnas tendo en conta un enfoque socioafectivo, é dicir, comezar pola vivencia e dende aí sacar a aprendizaxe.

A actitude do profesorado será básica para o clima emocional que se cree na aula, de tal xeito que as actividades deste programa se realicen dentro dun marco de seguridade e confianza, para que sexan efectivas no desenvolvemento persoal e o alumnado se sinta motivado a participar.

As actividades realizaranse de forma flexible, que non o sintan como unha obriga, xa que así perderían toda a súa validez.

A aprendizaxe cooperativa impreganará toda a actuación xa que na práctica amósase como unha ferramenta eficaz para mellorar o clima de cooperación e interese pola aprendizaxe e a superación das dificultades de todos e todas, para superar os problemas que se xeran dentro dunha estrutura de aprendizaxe competitiva ou individualista entre os que queren aprender e os que non. Para iso hai que plantexar tarefas que se deban

desenvolver por parellas ou pequenos grupos onde deban aprender a negociar, chegar a acordos, repartir tarefas… recurrindo a escenificacións, xogos, expresión plástica, diálogo, debates… Todo isto, axudaralles a saír do seu egocentrismo e a poñerse no lugar do outro/a. Intentando deste modo mellorar a convivencia na aula e no centro e axudando ao alumnado na adquisición de ferramentas funcionais para as diferentes situacións da vida cotiá.

**TEMPORIZACIÓN**

A temporización deste programa é flexible, está deseñado para que cada docente poida incluílo na súa programación didáctica dun xeito interdisciplinar e transversal, adaptándoo ás características e necesidades do seu alumnado.

**AVALIACIÓN**

No anexo de actividades faise referencia a como avaliar cada actividade por parte da titora/ do titor.

Cómpre recordar que non son actividades avaliables en sí, se non que se trata de traballar con elas para que os alumnos e as alumnas adquiran aquelas habilidades que dende o centro considéranse necesarias e útiles para o día a día.

## ACTIVIDADES A LEVAR A CABO

### 1. COMUNICACIÓN

#### A. O TELÉFONO ESCACHARRADO

**DESENVOLVEMENTO**

Trátase do clásico xogo do teléfono "escacharrado", aínda que no canto de dicir só unha frase, farémolo cun conto ou pequena historia. O profesor ou a profesora conta a unha alumna ou alumno o seguinte conto, ou outro similar:

*A árbore ferida (resumo, o orixinal está editado por Carlos Barax Edicións)*

*Laura e Víctor eran dous bos amigos que xogaban nun marabilloso prado onde unha soberana e centenaria árbore daba acubillo coa súa sombra a todos os que por alí paseaban.*

*— Imos xogar a buscar pedras preciosas! — Dixo Laura a Víctor.*

*Tentando atopar unha valiosa pedra preciosa, topáronse cun vello e oxidado cravo.*

*—Vaia! —exclamou Víctor—, acábome de atopar un cravo.*

*—Que podemos facer con el? —Dixo Laura.*

*—Cravarémoslle na árbore con axuda dunha pedra. —Volveu contestar Víctor. E así foi. Víctor, co consentimento da súa amiga, comezou a introducir o obxecto metálico na madeira.*

*Cando faltaba pouco para finalizar a tarefa, escoitouse un enorme queixume:*

*Ahhh…, xa abonda!- Víctor e Laura quedaron sentados de cu do susto que levaron.*

*—É, é…, o…, a árbore que se queixou. —Dicía Laura con voz temblorosa e afogada.*

*—Si, iso creo. —Afirmaba Víctor coa mirada fixa na árbore.*

*De súpeto, a árbore empezou a falar como un humano. —Nenos, deixade de inflixirrme coas vosas mans un castigo tan cruel! Desde que nacín, vós os humanos, enchéstesme de sinais e feridas, mutilastes as miñas ramas, desfixestes os niños dos meus amigos os pajaritos. Nunca tedes palabras de amor nin tenrura para min. E agora ti, dánasme con ese vil metal. —Dixo a árbore.*

*Laura e Víctor empezaron a gritar: —Vide, vide todos, a árbore está a falarnos! E todos os que por alí paseaban, acudían para ver tan milagroso e insospeitado suceso.*

*A árbore seguía falando: —Douvos sombra, beleza, osíxeno, madeira e papel para que estudedes; chamo ás nubes para que reguen os vosos campos. Grazas a nós as árbores hai vida no noso planeta…*

*A árbore fixo un silencio e das súas ramas brotaron bágoas. En efecto, a árbore estaba a chorar. —Por favor, eu quero ser o voso amigo, non me fagades dano e aprendede a quererme. Laura, Víctor e todos os presentes non daban crédito ao suceso que presenciaban.*

*Informado o alcalde da vila, mandou facer un valo ao redor da árbore para que ninguén puidese agredirlle nunca máis. A árbore, en gratitude, creceu e creceu ata chegar a unha altura considerable, e de cada unha das súas bágoas que o vento esparexeu, naceu un pequeno arboliño que embeleceu o prado da vila.*

Ese alumno/a contarallo ao seguinte e así sucesivamente, ata que todo o grupo oíse a historia. Seguidamente, o último alumno ou alumna en oír o conto expoñerá a todo o grupo o que entendeu, de modo que todas e todos poidan ver os cambios que sufriu a historia.

**AVALIACIÓN**

Posteriormente, conviría reflexionar sobre o perigo de fiarnos da información que recibimos por terceiras persoas e a importancia que ten verificar esa información.

Valorar a similitude entre a mensaxe inicial e o final.

Comprobar como cada persoa fixou a atención en diferentes aspectos.

Rescatar os elementos da subxectividade.

Buscar exemplos de como en ocasións enfadámonos con alguén polo que outra persoa afirma que el/ela dixo, sen falar directamente coa persoa en cuestión e aclarar que é exactamente o que dixo, que pretendía expresar con iso e porque.

**B. PREGUNTAS ABERTAS E PECHADAS**

**DESENVOLVEMENTO**

O profesor ou profesora escribe as seguintes frases no encerado:

- *Naroa non mirou pola xanela do tren, polo que non puido saber que Xavi fora a dicirlle adeus.*
- *Despois de tanto esforzo, Marga conseguiu aquel posto de traballo.*

Divídese a clase en dous grupos (ou catro) e cada grupo (ou dous grupos) terá que traballar cunha das frases. Esta frase é o final da historia e terán que inventarse o resto dos datos.

Neste momento explícase o concepto de preguntas abertas e pechadas:

*PREGUNTAS ABERTAS*

*Na pregunta aberta dáselle a posibilidade ao interlocutor(a) de responder en forma ampla, sen restricións. As preguntas abertas comezan por palabras como quen, que, para que, por que, cando, onde, cal, como.*

*Exemplos: que é o que non che gusta? Que queres lograr? Por que crees que está a pasar isto? Cales son as causas?.*

*A pregunta aberta é, ante todo, respectuosa, e permite a través da resposta, recoller un material de información e fundamental para*

*descubrir o que a outra persoa quere realmente transmitir, e poder ampliar a información.*

*PREGUNTAS PECHADAS*

*A pregunta pechada restrinxe ao interlocutor*

*para responder si ou non. Exemplos: Vas comprar?*

*Queres ir? Gústache ir ao monte?.*

*A pregunta aberta tende a crear relación, a pregunta pechada tende a rompela, pois só dá dúas opcións e, ademais, quen pregunta a través das preguntas pechadas está a guiar a conversación, non atendendo ao que a persoa conta se non ás hipóteses previas de quen pregunta.*

**AVALIACIÓN**

- con que tipo de preguntas lográronse máis datos?,
- cando foi máis fácil preguntar e compoñer a trama?,
- con que estilo foi a comunicación máis fluída?
- que método é preferible para aclarar o que pasou?

## 2. EXPRESIÓN EMOCIONAL

### A. RABIA

**DESENVOLVEMENTO**

*A rabia (sentimento de ira, antipatía ou aversión cara a unha persoa ou cousa), ben usada, é unha emoción esencial para a supervivencia. Sen rabia non poderiamos apartarnos ou defendernos do que nos fai dano, o mesmo que o medo. A rabia dános forzas para actuar ante as inxustizas e para protexernos do perigo ante un agresor. Con todo, é necesario saber canalizala e expresala de forma adecuada, para que non dane a quen a manifesta nin a ningunha outra persoa.*

**Material**: cartolina vermella, amarela e verde, cortadas en tarxetas, de modo de que cada persoa teña unha tarxeta de cada cor.

Solicítase á clase que lembren cousas, moi concretas, que lles dan rabia e dicilo, por quenda, por exemplo:

A min dáme rabia que me insulten", "que me tiren do pelo", "que non me escoiten", etc.

Escribir no encerado o que van dicindo.

Unha vez que se recolleron todas as ideas, imos lendo unha por unha e o alumnado levantará a tarxeta que mellor se adecúe, segundo este código: Verde: non me dá nada de rabia / Amarelo: dáme rabia /Vermello: dáme moita rabia.

Vaise analizando que cousas dan rabia, se nos dan a todos e a todas, se existen diferenzas por xénero etc…

**B. CATRO SOMBREIROS DE PENSAR**

**DESENVOLVEMENTO**

Proponse que os alumnos e as alumnas fagan sombreiros de cores (quizá poderían facelos en clase de plástica) que logo poidan poñerse.

Os sombreiros reflicten as diferentes direccións do pensamento que podemos utilizar á hora de enfrontarnos a un problema. Cando un alumno/a se poña o chapeu dunha cor, deberá pensar da maneira ou na dirección propia do sombreiro desa cor. Convén que o profesor ou profesora vaia dicíndolle que sombreiro poñerse en cada momento. Se se traballa en grupo, todas/os os participantes deberán poñerse o sombreiro da mesma cor.

Os diferentes estilos de pensamento e as cores propostas son:

> ***Sombreiro branco**: con este sombreiro/pensamento centrarémonos nos datos dispoñibles. Trátase de ver a información que temos e aprender dela.*
>
> ***Sombreiro vermello**: con el observamos os problemas utilizando a intuición, os sentimentos e as emocións. Os alumnos e alumnas expoñerán os seus sentimentos sen ter que xustificalos.*
>
> ***Sombreiro negro**: facendo uso deste sombreiro poñeremos en marcha o pensamento do xuízo e a cautela, poñendo de manifesto os aspectos negativos do tema tratado.*
>
> ***Sombreiro amarelo**: este é o chapeu do pensamento positivo, que nos axudará a ver por que algo vai funcionar e por que ofrecerá beneficios.*

Unha vez establecidos estes códigos, tratarase algún tema que afectase recentemente á clase, un pequeno conflito, unha norma ou algo que estea a afectar ao grupo.

Estes códigos pódense utilizar ao longo de todo o curso de forma que cando alguén se exprese de forma pesimista transmítaselle que está co sombreiro negro, etc… xerando complicidade.

**AVALIACIÓN**

A avaliación vaise realizando de forma simultánea ao desenvolvemento da dinámica, cando se poñen un sombreiro váiselles preguntando por cuestións como:

Como se están sentindo?

Que é o máis complicado de expresar?

Se se desvían do código do pensamento, recondúceselles ou ben se pregunta ao resto se o sombreiro correspóndese coa expresión…

Finalmente pregúntaselles que aprenderon desta dinámica.

## 3. ASERTIVIDADE

### A. CONDUTAS NON VERBAIS

**DESENVOLVEMENTO**

Cóntaselles aos alumnos e alumnas a seguinte historia:

*Os pais da túa mellor amiga (amigo) separáronse, e a túa amiga (amigo) está moi triste e enfadada, non quere que ninguén se decate, pensa que é culpa súa e que ten que facer algo para solucionar esta situación. Ti decatácheste porque a súa nai e a túa son amigas e oíchelo en casa.*

*Non sabe que facer e ante calquera cousa que lle din enfádase e ponse un pouco chula (chulo). A ti a túa nai díxoche que non llo teñas en conta porque está a pasar un mal momento e que os amigos (amigas) están para apoiarse, pero o resto da clase xa se está cansando de que se poña tan "borde".*

En grupos de catro traballarán: Que dicirlle á amiga (amigo).

Que dicirlles ao resto dos compañeiros e compañeiras de clase.

Como se expresarían estas cousas.

**AVALIACIÓN**

De forma conxunta expresarase o que lles parecen as diferentes opcións, seguindo as seguintes regras:

- Non rirse nin vacilar con ningunha das opcións.
- Cada vez que alguén vaia a expresar un desacordo, comezará expresando no que está de acordo.
- Achegaranse alternativas, é dicir, "o que eu faría sería…
- Analizar como cremos que sentiría a nosa amiga (amigo) con cada unha das opcións.

**B. <u>XUÍZOS DE OBSERVACIÓNS.</u>**

**DESENVOLVEMENTO**

Explicar a diferenza entre observar e avaliar na comunicación. A observación é a descrición específica do momento e do contexto, mentres que unha avaliación está tinguida de nosa propia opinión e valoración, implica unha crítica, esaxérase e/ou xeneraliza: Sempre, nunca, todos, todas…

Isto xera malestar na persoa que o escoita, que sente criticada e por tanto, pasa a defenderse e a non escoitar.

Na seguinte ficha represéntanse unha serie de situacións. Deberase dicir se son observacións ou se son avaliacións e no caso de que fosen avaliacións, como se puideron facer como observacións

| SITUACIÓN REPRESENTADA | AVALIACIÓN? | CÓMO PODERÍA SER? |
|---|---|---|
| Unha persoa que está pelexándose cos demais e alguén lle di "es malo" | | |
| Dúas amigas falando e unha lle di a outra "Onte María enfadouse comigo sen razón" | | |
| Dous amigos falando e un lle di a o outro "Andrés xoga mal ao fútbol" | | |

| | | |
|---|---|---|
| Ana non me pediu opinión no adestramento | | |
| Un amigo cóntalle a outro: “a miña nai cando vou a súa casa prepárame tarta de queixo porque me gusta moito” | | |

**AVALIACIÓN**

**1. Avaliación**. A observación podería ser: Cada vez que te vexo no parque estás a pelexarte con alguén, eu creo que ao final vas quedar sen amigos/ as.

**2. Avaliación**. A observación sería: Onte María díxome que se enfadou // Creo que

María enfadouse porque non me fala e non sei porqué.

**3. Avaliación**. A observación podería ser: Andrés non marcou un gol en vinte partidos (isto

causará risa ou sorpresa, pero podémoslles lembrar que os futbolistas profesionais que son os que mellor xogan ao fútbol, tamén pasan por malas épocas e que non por iso non saben xogar ao fútbol).

**4. Observación**

**5. Observación**

**MATERIAL**:

Fotocopias da ficha que se adxunta para todas as persoas da aula.

## 4. AUTOESTIMA

### A. BURBULLA PERSOAL

**MATERIAL:**

Unha madeixa de lá, cortada en tiras de 60 Cm por parella.

Lugar amplo.

**DESENVOLVEMENTO**

Divídense por parellas, a poder ser non coa persoa coa que frecuentemente estean, e a profesora ou o profesor entrega un anaco de lá. Pídeselles que se coloque un membro da parella enfronte do outro membro e que cada persoa tome un dos extremos do fío.

Explícaselles que empecen a enrolar o fío ata que algunha das persoas diga “basta”. Logo cada parella mide o anaco de fío que quedou sen enrolar.

Repítese a dinámica coa persoa coa que máis tempo comparten na aula e/ou no patio.

**AVALIACIÓN**

Como nos sentimos?

Que sucede cando sentimos invadidas, invadidos? Como reaccionamos normalmente?

En que cambia cando isto facémolo con persoas coas que temos confianza?

Como nos damos conta de que estamos a ser intrusivos con alguén?

**B. <u>QUEN SON EU?</u>**

**DESENVOLVEMENTO**

Trátase de que as alumnas e alumnos pensen nas súas diferentes identidades ou papeis, reflexionando sobre como son en cada un deles.

Para iso, pídeselles que se definan con tres palabras en cada unha das seguintes facetas, tal e como realmente cren que se mostran:

1) Deben debuxarse a si mesmos/ as como fillos ou fillas.

2) Como alumnas ou alumnos. Para iso, suxírese que se lles convide a preguntarse como se comportan en clase, que lles interesa na escola e que non etc.

3) Como compañeiros ou compañeiras. Neste caso, deberán reflexionar sobre como se comportan co resto dos membros da clase, como se relacionan etc.

4) Como irmán ou irmá (naqueles casos no que non teñan irmáns ou irmás, poderán facelo como primos/ as ou como amigos/ as íntimos/ as).

5) Como cidadán ou cidadá. Trátase de que pensen en como se comportan nas pequenas cousas diarias que están ao seu alcance: se tiran as cousas ao chan ou ao lixo (ou a reciclar, no seu caso), se cruzan ben a rúa, se procuran axudar cando poden etc.

**AVALIACIÓN**

Posteriormente cada un de eles/as expoñerá ao resto do grupo:

- Como se definiu e porque?
- Reflexionarán sobre os diferentes matices e expresións que ten cada persoa.
- Como hai persoas que nuns ámbitos son dunha forma e noutros de outra…

- De que depende?

### C. ACENTUAR O POSITIVO.

**DESENVOLVEMENTO:**

Trátase de que as persoas derriben as barreiras impostas por elas mesmas que lles impiden ter un bo autoconcepto. Co exercicio inténtase cambiar esa actitude ao facer que equipos de catro persoas compartan algunhas cualidades persoais entre sí. Cada un comparte cos seus compañeiros as respostas as seguintes dimensións:

- Dous atributos físicos que me agradan de min mesmo.
- Dúas cualidades de personalidade que me agradan de min mesmo.
- Unha cualidade ou pericia que me agrada de min mesmo.

Cada comentario debe ser positivo, non se permiten comentarios negativos.

**AVALIACIÓN**

Finalmente o profesor/a expón as seguintes preguntas para a súa reflexión:

- Cantos de vos, ao oír o traballo asignado, sorriu lixeiramente e dixo a un compañeiro "ti primeiro?"
- Foi difícil sinalar unha cualidade ao iniciar o exercicio?
- Como consideras agora o exercicio?

O titor guía aos participantes para que analicen como poden aplicar o aprendido na súa vida.

### D. AS TÚAS CUALIDADES.

**DESENVOLVEMENTO:**

Trátase de resaltar as cualidades positivas dos compañeiros/as**.** Todo o grupo en círculo. Nun folio cada un escribe o nome da persoa que está sentada a súa dereita e ao lado unha cualidade positiva que caracterice a persoa, colócanse na parede e as persoas van pasando e engadindo outra cualidade en cada nome.

E. **BAILE DE DISFRACES.**

**DESENVOLVEMENTO:**

O xogo para estimular a imaxinación e a autoestima. O titor/a: “ sodes invitados a un baile de disfraces. Debedes poñervos de acordo acerca de con que disfrace ides a asistir. Pero ninguén decide o seu propio disfrace”

Modelo de elección:

- De un en un saen fora da aula
- En ausencia de cada un, o resto do grupo ponse de acordo en que disfrace lle ven mellor.
- O criterio permitirá ao grupo decidir un disfrace de personaxe, animal, flor, ... que represente mellor a forma de ser do compañeiro/a.

Feita a elección, invítase a entrar ao membro ausente e se lle comunica o disfrace decidido para el/ela. Seguidamente sae outro membro e se lle fai a mesma dinámica. Así con todo o grupo.

- Feed-back: temos que dar explicacións das eleccións dos disfraces.

F. **UN REGALO DE FELICIDADE.**

**DESENVOLVEMENTO:**

Trátase de ofrecer aos demais un “gran regalo”. O titor invita a cada participante a escribir unha mensaxe a cada un dos seus compañeiros/as, con isto estamos dando un pequeno regalo de felicidade a cada un deles. As mensaxes deben lograr facer que a persoa se sinta positiva ao recibilo.

O titor/a fai as seguintes recomendacións:

- Tratade de ser específicos “Gústame como sorrís aos que van chegando”
- Escribide un mensaxe especial para cada persoa e non algo que poida aplicarse a varios.
- Incluíde a todos os participantes, aínda cando non vos coñezades ben. Escollede aquelas actitudes positivas dos vosos compañeiros.
- Tratade de dicir a cada un o que é verdadeiramente importante o notable do seu comportamento dentro do grupo.

Animase aos participantes a que asinen as súas mensaxes, pero teñen a opción de non facelo.

Despois de terminar todas as mensaxes, pídese as persoas participantes que compartan as súas mensaxes co grupo, que aclaren calquera dúbida que teñan sobre algunha mensaxe e que describan os sentimentos que tiveron durante o exercicio.

## 5. SOLIDARIEDADE

### A. O GATO AMARRADO

**MATERIAIS:**

Unha corda duns 6 metros, xiz, 7 panos, 6 cordas pequenas e unha cadeira.

**DESENVOLVEMENTO**

Esta dinámica convén facela en lugar amplo, no patio ou no ximnasio, píntase un círculo de 3 metros de diámetro no chan.

1. Faise un grupo de como mínimo dez persoas.

2. Unha persoa fai de tigre e sete de gatos que levarán un pano na cabeza.

3. O tigre ata a un gato sentado nunha cadeira no centro do círculo. Será o seu prisioneiro. O gato colocará as súas mans na cabeza e non as pode utilizar para liberarse. Tampouco pode levantarse coa cadeira e saír do círculo.

4. Ao resto dos gatos, suxeitaráselles coas cordas pequenas unha man nas costas e

amarraráselles un pano na cabeza. Este pano representa a súa vida, se o tigre quítallo, o gato morre e sae do xogo.

5. Os gatos non poden agarrar nin golpear ao tigre. Só lle poden empuxar e se algún se salta as regras todo perden.

6. O tigre debe evitar que os gatos liberen ao amarrado, e procurar quitarlles os panos, sen saírse do círculo.

En principio dáse aos gatos consígnaa de liberar ao prisioneiro, dun en un, durante un tempo determinado. Como o normal é que non o logren, entón nun segundo momento dicir que o tenten todos xuntos. O gato prisioneiro debe correr cando sexa desamarrado, ou ben os gatos pódeno liberar con cadeira e todo. Se o tigre mata a todos os gatos, estes perden, entón repítese a dinámica ata que logren o seu obxectivo.

**AVALIACIÓN**

- Como se sentiron?
- Que pasou?
- Que sucede cando tratamos de realizar unha acción en solitario?
- E cando a realizamos con máis persoas?
- Como se organizaron, nun segundo momento, para liberar ao compañeiro/a
- Que estratexias utilizou.

## 6. COOPERACIÓN

### A. DEBUXANDO A CEGAS

**MATERIAIS:**

Papeis ou cartolinas pegadas na parede (tantos coma grupos se formen). Rotuladores gordos e panos.

**DESENVOLVEMENTO**:

Colócase o papel (ou a opción que se tomara) separados uns doutros. Acto seguido, divídese á clase en grupos de 6 persoas e indícaselle a cada subgrupo o papel no cal traballarán.

Explícase que todas as persoas de cada grupo realizarán un debuxo cos ollos vendados, cada membro do grupo debuxará un elemento da paisaxe final. O resto do grupo poderá axudar á persoa que está a debuxar con indicacións de Frío - Quente

A primeira debuxante de cada subgrupo cóbrese os ollos e comeza a debuxar:

Primeira persoa Debuxante: Debuxa unha casa con dúas xanelas e unha porta.

Segunda: Unha árbore xunto á casa.

Terceira: O sol sobre a casa.

Cuarta: Unha vaca detrás da casa.

Quinta: A cordilleira detrás da casa.

Sexta: Un grupo de persoas camiñando cara á casa.

**AVALIACIÓN:**

- Que foi o máis difícil?
- Como valoran a axuda dos compañeiros/as?

- Que necesitarían para poder facelo mellor?

### B. FORMAR PALABRAS

**DESENVOLVEMENTO:**

Entre todas as persoas da aula escollerán unha palabra sinxela para poder representar cos corpos. É dicir, formando subgrupos e tumbados no chan, teñen que formar a palabra.

Esta é a única consigna, a profesora non dará ningunha outra indicación, o alumnado terá que autoxestionarse, decidir como o van facer…

**AVALIACIÓN:**

- Onde atoparon as máximas dificultades?
- A que as atribúen?
- Como podería facerse dunha forma que fose mellor para todos/as?
- Prefeririades que a profesora ou profesor vos dixese como facelo? Por que?
- Que conclusións podemos sacar?

### C. AS CADEIRAS

**MATERIAIS:**

- Círculo de cadeiras, colocadas co respaldo cara ao interior do círculo, e en cantidade unha unidade inferior ao número de participantes.
- Música

**DESENVOLVEMENTO:**

Trátase de potenciar as habilidades para resolver conflitos desenvolvendo estratexias cooperativas. Os participantes van camiñando ao ritmo da música arredor do círculo de cadeiras. Cando a música para, teñen que sentar as cadeiras, de xeito que ninguén quede sen sentar nas cadeiras, de xeito que ninguén quede sen sentar (poden compartir cadeira e desenvolver outras estratexias). Compróbase que todos estean sentados vendo que non haxa pé ningún pousado no chan.

Unha vez conseguido, retírase unha cadeira e teñen que lograr, igualmente, sentar todos en canto remate a música. Así sucesivamente ata que só queden dúas cadeiras.

**AVALIACIÓN:**

- Diferenza entre este xogo e o tradicional?

- Como logramos sentar nas cadeiras á medida que ían sendo poucas?
- Que foi o que máis nos gustou do xogo?

### D. A SERPE

**MATERIAL:**

Espazo delimitado no que se desenvolverá o xogo

**DESENVOLVEMENTO:**

Cooperar significa tamén unírmonos para confrontarmos os nosos retos. O que de forma individual somos incapaces de facer ou de superar, cando nos unimos pode estar ao noso alcance. Tomar conciencia de que moitas necesidades propias témolas en común con outras persoas, e podemos tamén resolvelas en común.

Trátase de ir incorporando persoas a un grupo perseguidor. Unha persoa, a serpe, persegue os demais. Cando toca outra persoa, esta incorpórase a serpe e as dúas, agarradas das mans, seguen perseguindo as demais. O proceso continúa ata incorporar todas.

**AVALIACIÓN**

- Que diferenzas había, ao principio e ao final, na dificultade para conseguir tocar alguén?
- Como nos sentimos cando estamos nun grupo grande? E como cando estamos nun máis pequeno e feble?Que foi o que máis nos gustou do xogo?

## 7. CONFLITO

### A. INVESTIGANDO NOS CONFLITOS

**DESENVOLVEMENTO:**

O punto de partida constitúeno experiencias persoais que vivisen os alumnos e alumnas durante esa semana ou a anterior na aula, no patio, en casa, cos seus amigos/ as. (exemplos: leas no patio por calquera cousa, rifas en casa cos irmáns ou as irmás etc).

Os protagonistas da situación, deben contar o que ocorreu.

Dividirase a clase en pequenos grupos que terán que reflexionar sobre:

1.- Que ocorreu?

2.- Por que xurdiu este conflito segundo o seu punto de vista?

3.- Como o resolveron?

4.- Podería realizarse doutra maneira, utilizando medios  pacíficos?

5.- Que ideas se vos ocorren para resolvelo?

**AVALIACIÓN:**

Que o alumnado sexa capaz de desenvolver ideas sobre como resolver conflitos cotiás de forma pacífica.

**B. <u>COMO ME SINTO COS CONFLITOS?</u>**

**MATERIAIS:**

Papel e bolígrafo

**DESENVOLVEMENTO:**

En clase faise unha representación con dúas persoas que teñen que simular que se pelexan porque o outro/a non lle deixa xogar no patio a fútbol porque quere xogar cos seus amigos e amigas a baloncesto (peléxanse polo espazo). Pode recrearse todo o que se queira, imaxinándose que un se burla da outra persoa porque ten lentes, ou porque é un "empollón", etc.

É importante que se lles diga aos participantes que se imaxinen que son actores ou actrices e que se lles propoña (sen que o resto da clase o saiba), que se fagan os enfadados.

O resto da clase, que actúan como observadores/ as, deben responder ás seguintes cuestións:

- Cal é o problema?
- Que sentiches? Por que che enfadaches?
- Por que lle dixeches o que lle dixeches? (Isto a ambas as partes).
- Como lle poderías dicir o que lle dixeches pero sen enfadarvos?
- Que poderías facer doutro xeito?
- Deseña solucións  pacíficas.

Remata o exercicio, volvendo a realizar a representación  (pode cambiarse de persoas), e poñendo en práctica o novo xiro (dicirse as cousas sen ofenderse e poñer en marcha outras solucións que non sexan agresivas.

**AVALIACIÓN:**

Comprobar se lles resulta sinxelo diferenciar entre comportamentos violentos e non violentos e comportarse de forma non violenta.

## 8. IDENTIFICACIÓN E ABORDAXE DE CONFLITOS

### A. ALTO E SIGA

**MATERIAIS**

Panos de cores, gorros,… algo que poida servir coma elemento de diferenciación dos grupos

**DESENVOLVEMENTO**

Pídese a dous voluntarios/voluntarias para desempeñar os papeis de policía e vixiante.

O resto do alumnado divídese en catro grupos co mesmo número de persoas.

A persoa que dinamiza solicita aos participantes póñanse de pé e coloca aos grupos o máis separados posible uns doutros, representando os puntos cardinais, por exemplo: o subgrupo Norte fronte ao subgrupo Sur; o subgrupo Esta fronte ao subgrupo Oeste.

Indícase aos participantes que a conta de tres, os subgrupos deberán intercambiarse de sitio; os que están ao Norte, cos do Sur, e os do Leste cos do Oeste. Gañará o subgrupo que chegue primeiro co maior número dos seus integrantes.

Así mesmo, indica ao policía que en calquera momento pode dar a voz de Alto! e todos deberán parar inmediatamente. Aqueles que non o fagan quedarán fóra do xogo e suporán baixas para o seu subgrupo. O policía e o vixiante decidirán quen son os que non obedeceron a voz de Alto!. Unha vez feito isto, o policía dá a voz de Siga! e continúa a carreira.

O Vixiante fai o papel de xuíz para declarar os gañadores.

**AVALIACIÓN**

- Como se sentiron as persoas que gañaron? E as que perderon? E as que foron excluídas do xogo?
- As persoas que facían de policía e vixiante que opinan?
- Cren que é necesario que haxa xente que gañe ou perda?
- Pódense buscar alternativas nas que gane e desfrute todo o mundo?

## B. TIPOS DE CONFLITO

**DESENVOLVEMENTO**

Pídeselles aos alumnos e alumnas que anoten todos os conflitos que observen durante unha semana, desde os máis pequenos aos máis importantes e en todos os ámbitos nos que se atopen.

Despois desa semana póñense en común todos aqueles conflitos recollidos e trátanse de clasificar en función de cal é a causa do dito conflito. Haberá moitos conflitos dos que non saibamos cal é a causa, senón que simplemente observamos o seu desenvolvemento.

Trataremos de colocalos na seguinte roda tendo en conta que:

*CONFLITO DE VALORES*: Estes conflitos están relacionados cos valores e as crenzas das persoas.

*CONFLITOS DE RELACIÓN*: Cando o problema é a mala relación entre as persoas.

*CONFLITOS DE DATOS*: Cando existe diferente información ou cada persoa enténdea dunha maneira diferente.

*CONFLITOS DE INTERESES*: Os conflitos están motivados por cuestións materiais (diñeiro, tempo, cousas concretas), a forma de conseguilos ou as necesidades da xente.

*CONFLITOS ESTRUTURAIS*: Como se organiza o centro escolar, a familia… a desigualdade de poder ou de recursos.



**AVALIACIÓN:**

Vemos numerosos conflitos, pero, a miúdo, non sabemos por que xurdiron. Son iguais todos os conflitos? Podemos dar as mesmas solucións aos diferentes conflitos? Que aprendemos dos conflitos?

## 9. RESPOSTA AO CONFLITO

### A. AS GAFAS DA EMPATÍA

**MATERIAIS**

Seis monturas de gafas sen cristais ou de cartolina

**DESENVOLVEMENTO**

O profesor ou profesora expón "estas son as lentes da desconfianza. Cando levo estas lentes son moi desconfiado".

Quere alguén poñerllas e dicir que ve a través delas, que pensa de nós?

Ponllas e alguén debe tentar manter unha conversa con esa persoa, que todo o responde dende a desconfianza e ver como se vai sentindo a súa interlocutora.

Esta mesma dinámica se continúa realizando pero nesta ocasión as lentes serán da "confianza", do "pesimista", do "non podo", do "que axuda", etc.

**AVALIACIÓN**

Cada persoa expresa como se sentiu e que viu a través das lentes.

Os demais tamén expresarán como se sentiron mantendo unha conversa con alguén así e que tipo de conflitos provocaba.

### B. DA PROTESTA A PROPOSTA

**DESENVOLVEMENTO**

Cada alumna/alumno pensa individualmente unha queixa sobre a súa cidade e escribe en dúas follas como lle gustaría que fose (proposta) o que non lle gusta (protesta).

En dous lados da aula cólganse dous carteis onde cada alumna/ou escribe as súas protestas e propostas respectivas. (Cada "protesta" e "proposta" pode escribirse con rotulador do mesma cor coa finalidade de recoñecer a que queixa corresponde a proposta).

Feito isto, lense todas as inscricións de cada cartel. O profesor ou a profesora escolle un par de queixas, coas súas respectivas propostas de cambio, que ao seu xuízo, poden dar xogo á seguinte parte do exercicio e divide a clase en catro grupos: Dous para traballar as protestas e

dúas para traballar as propostas. É importante sinalar que o que máis se valorará no exercicio é a creatividade das propostas.

Protesta: Cada grupo organiza a protesta: concretar que é o que desagrada e por que, determinar quen é responsable (cargo, institución, colectivo de persoas, de grupos profesionais, etc.), quen se beneficia da situación, imaxinar como manifestar a protesta:

Que accións van realizar?, Que complicidades van buscar?, contra quen (cargo, institución, etc.) vai dirixila a acción?

É importante que as protestas se dirixan a cargos, non persoas en sí.

Proposta: Para levar a bo termo a proposta, os grupos deben concretar a proposta e deseñar a estratexia para conseguir o seu obxectivo: A quen vai dirixida? Como chegará ao seu destino? Quen máis pode estar interesado en tal proposta? Como se podería colaborar con esas persoas?.

**AVALIACIÓN**

Buscar similitudes e diferenzas entre as accións de proposta e as de protesta.

Que costa máis concretar: a proposta ou a protesta?

Propostas e protestas van dirixidas aos mesmos actores?

Foi fácil ser creativo/a?

Que nos gusta máis: que nos critiquen ou que nos dean alternativas? Que escoitamos máis como persoas?

## 10. IGUALDADE

### A. DECÁLOGO

**DESENVOLVEMENTO**

Terán que elaborar un decálogo, é dicir, os dez puntos aos que a aula se compromete para fomentar a igualdade entre todas as persoas.

Para iso primeiro se identificará que significa para elas e para eles o termo igualdade e como se manifesta, que cuestións son importantes…

Das súas formulacións iranse entresacando os dez puntos máis importantes aos que se comprometen. Con eses dez puntos elaborarase un cartel que se colgará na aula.

**AVALIACIÓN:**

Testarase mediante a implementación do decálogo.

## 11. XÉNERO-ROLES

### A. ROLES DE XÉNERO-PROFESIÓNS

**DESENVOLVEMENTO**

Facemos grupos de catro persoas e cada unha delas interpretará un papel. Unha delas será un mozo que quere ser bailarín ou unha moza que quere ser  bombeira. Os outros tres serán as persoas proxenitoras e unha irmá maior.

As persoas proxenitoras dirán que a profesión elixida polo seu fillo é para mulleres ou ao revés. A irmá maior defenderá a postura do seu irmán/a, argumentando que é un traballo que poden realizar tanto homes como mulleres.

Unha vez terminada a interpretación, toda a clase xuntarase e explicarán ao resto do grupo:

Proxenitores: explicarán como se sentiron nese papel, se estaban ou non de acordo co que dicían e porqué e se sentían cómodas/os non permitindo ao seu fillo/a exercer a profesión que quería.

Irmás maiores: explicarán se estaban ou non de acordo con defender á súa irmá ou irmán e que sentían ao ver que os seus proxenitores non deixaban á súa irmá elixir libremente a súa profesión.

Alumnos/as que querían dedicarse a aquilo que non lles deixaban: Como che sentiches ao ver

a falta de aprobación dos teus pais? Cal foi a túa reacción? Que lles dixeches?

Todas/os: Creedes que hai traballos de homes e traballos de mulleres? Por que?

**AVALIACIÓN:**

- Credes que existen diferenzas entre homes e mulleres no eido das profesións? Por que?
- Nalgunha ocasión sentístesvos limitados/as por ese motivo?

Esta actividade pode completarse con fragmentos da película de Billy Elliot

### B. QUE SIGNIFICA

**MATERIAIS:**

Fichas e bolígrafo

**DESENVOLVEMENTO:**

Entregarase a cada persoa que participará na dinámica un folio co seguinte esquema e un bolígrafo

| DO MEU PROPIO SEXO | |
|---|---|
| **Características** | |
| **Aspectos positivos** | |
| **Aspectos negativos** | |

**AVALIACIÓN**

Poñemos en común os resultados. É importante que quen dinamice esta sesión cuestione os roles tradicionais dos homes e das mulleres e que estimule a crítica a estas cuestións.

## 12. ESTEREOTIPOS

### A. CINTAS DE PREXUIZOS

**DESENVOLVEMENTO**

Explícase ás alumnas e ós alumnos da aula que se lles vai a colocar unha cinta na fronte. Nesta cinta escribiría un prexuízo na parte da fronte. En ningún momento as persoas participantes poden ver o que hai escrito na súa cinta, nin ler en voz alta o que está escrito na cinta dos/ as outros/ as.

Unha vez que estean colocadas as cintas, os/ as participantes, continúan coa actividade que estivesen a desenvolver e trátanse entre sí coma se fose certo o que pon na súa cinta. Non se trata de adiviñar que tes posto na cinta, nin dicir a ninguén o que pon na súa cinta.

Nas cintas podemos poñer distintas etiquetas: manipulador, inútil, simpática, amable, graciosa, egoísta, eficaz, , traballadora, vaga, solitaria, indeciso, voluble…

**AVALIACIÓN**

Como se sentiu cada participante?,

Como o/a trataron?

Cambiou o seu comportamento ao longo da actividade que estaba a desenvolver?, Cambiou a súa actitude, Que provocou este cambio?, Como inflúen prexuízos na conduta dunha persoa?

## ANEXO VII

## MODELO DE PROPOSTA DE AC DE CADA ÁREA OU MATERIA

<table>
<tr><td colspan="3">ADAPTACIÓN CURRICULAR DA ÁREA/MATERIA DE: (AREA/MATERIA)</td><td>Etapa: (ETAPA)</td><td>Nivel: (Curso)</td></tr>
<tr><td colspan="5"></td></tr>
<tr><td colspan="5">Bloque 1: (Nome do bloque 1)</td></tr>
<tr><td colspan="2">CURRÍCULO DE REFERENCIA<br>Decreto 156/2022, do 15 de setembro</td><td colspan="3">CURRÍCULO ADAPTADO</td></tr>
<tr><td>Criterio de avaliación (1)</td><td>(2)</td><td>Contidos</td><td>Criterios de avaliación (3)</td><td>C.Clave</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>Competencias adquiridas</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td colspan="5"></td></tr>
<tr><td colspan="5">Bloque 2:</td></tr>
<tr><td colspan="2">CURRÍCULO DE REFERENCIA<br>Decreto 156/2022, do 15 de setembro</td><td colspan="3">CURRÍCULO ADAPTADO</td></tr>
<tr><td>Criterio de avaliación (1)</td><td>(2)</td><td>Contidos</td><td>Criterios de avaliación (3)</td><td>C.Clave</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>Competencias adquiridas</td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td colspan="5"></td></tr>
<tr><td colspan="5">Bloque 3:</td></tr>
<tr><td colspan="2">CURRÍCULO DE REFERENCIA<br>Decreto 156/2022, do 15 de setembro</td><td colspan="3">CURRÍCULO ADAPTADO</td></tr>
</table>

| Criterio de avaliación (1) | (2) | Contidos | Criterios de avaliación ( (3) | C.Clave |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Competencias adquiridas | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **Bloque 4:** | | | | |
| CURRÍCULO DE REFERENCIA<br>Decreto 156/2022, do 15 de setembro | | CURRÍCULO ADAPTADO | | |
| Criterio de avaliación (1) | (2) | Contidos | Criterios de avaliación (3) | C.Clave |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Competencias adquiridas | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **Bloque 5:** | | | | |
| CURRÍCULO DE REFERENCIA<br>Decreto 156/2022, do 15 de setembro | | CURRÍCULO ADAPTADO | | |
| Criterio de avaliación (1) | (2) | Contidos | Criterios de avaliación (3) | C.Clave |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| Competencias adquiridas | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **Bloque 6:** | | | | |
| CURRÍCULO DE REFERENCIA<br>Decreto 156/2022, do 15 de setembro | | CURRÍCULO ADAPTADO | | |
| Criterio de avaliación (1) | (2) | Contidos | Criterios de avaliación (3) | C.Clave |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Competencias adquiridas | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **Orientacións metodolóxicas** | | | | |
| **Metodoloxía:** | | | | |
| | | | | |
| Espazos: | | | | |
| | | | | |
| Recursos: | | | | |
| | | | | |
| Temporalización: | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| **Avaliación:** | | | | |
| Criterios de cualificación: | | | | |
| | | | | |
| Instrumentos de avaliación: | | | | |
| | | | | |
| Avaliación de competencias clave: | | | | |
| | | | | |
| (1) Deben transcribirse os criterios de avaliación do decreto do curículo que corresponda. Cada criterio do currículo de referencia debe ter un correspondente no currículo adaptado, agás que se suprima.<br>(2) Indíquese a súa redución (R), amplicación (A), supresión (S)<br>(3) Debe manterse a mesma codificación dos criterios de avaliación que figuran nos decretos do currículo. | | | | |

## ANEXO VIII

## MODELO DE EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

**1.DATOS PERSOAIS**
Nome:
Data de nacemento:
Nivel educativo:
Centro:
**2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE**
2.1. Características do desenvolvemento.
2.2. Datos médicos.
**3.DATOS PSICOSOCIAIS.**
3.1. Desenvolvemento cognitivo.
3.2. Trazos da personalidade.
3.3. Intereses manifestados.
3.4. Nivel de adaptación persoal e interacción social.
**4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR.**
4.1. Estrutura familiar.
4.2. Lingua habitual da familia.
4.3. Características da dinámica familiar.
4.4. Expectativas familiares sobre a alumna.
4.5. Pautas educativas, valores e normas no seo familiar.
4.6 Relación e cooperación co centro educativo.
**5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR.**
5.1. Forma organizativa do centro.
5.2. Forma organizativa da aula.
5.3. Colaboración e participación dos distintos servizos educativos.
**6. DATOS PEDAGÓXICOS.**
6.1. Aspectos relevantes da escolarización.
6.2. Currículo de referencia.
6.3. Competencias xa adquiridas respecto do currículo de referencia en cada unha das áreas.
6.4. Necesidades educativas respecto das capacidades (criterios de avaliación) establecidas no currículo de referencia.
6.5. Preferencia de aprendizaxes.
6.6. Estratexias de aprendizaxe.
6.7. Grao de motivación e intereses educativos.
6.8. Pertinencia dunha AC. medidas de atención á diversidade aplicadas.
6.9. Período de tempo para o cal se propón a adaptación curricular.
6.10. Áreas para adaptar.
6.11. Recursos para empregar.
6.12. Seguimento e avaliación da adaptación curricular.
*Adxuntamos documento seguimento de Adaptación Curricular.
6.13. Criterios para a promoción.
**7. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA E OPINIÓN DESTA.**

**8. PERSOAS PROFESIONAIS PARTICIPANTES**

**ANEXO IX**
**SOLICITUDE DE COPIA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR AUTORIZADA**

D./Dª ......................................................................, con DNI/NIE..................................., en calidade nai/pai, representante legal do alumno/a ........................................................................................
de .....curso de Educación .............................................................

SOLICITA:

- Copia da Adaptación Curricular autorizada polo Servizo Territorial de Inspección Educativa da Delegación Territorial da Coruña para este ciclo ou curso 202_/202_ da alumna/o referido/a anteriormente.

En ............. a ....... de ............................ de 202_

Sinatura do representante legal **(1)**
(Nai/ Pai / Representante legal)

Asinado:

**SR. SRA. DIRECTOR/A ……………………………………………….…**

(1) A información reflectida neste documento é **CONFIDENCIAL**, debe axustarse ao disposto na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales.

**ANEXO X**

**MODELO SEGUIMENTO TRIMESTRAL AC**

| | | | |
|---|---|---|---|
| CURSO | 2022-23 | Trimestre nº | |
| DATA | | | |

**1.-DATOS XERAIS**:

CENTRO:

ALUMNO/A:

DATA DE AUTORIZACIÓN DA AC:

PERÍODO/VIXENCIA DA AC:

ÁREAS/MATERIAS ADAPTADAS:

**2.-INTERVENCIÓN** (reforzos, apoios e organización xeral do proceso de ensino-aprendizaxe)

| | |
|---|---|
| Medidas ordinarias de atención á diversidade | ● Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características.<br>● Adecuación das programacións didácticas ás circunstancias do alumnado.<br>● Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo.<br>● Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.<br>● Reforzo educativo e apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria.<br>● Programa de Enriquecemento curricular. |

| | |
|---|---|
| Medidas **extraordinarias** de atención á diversidade | ● Adaptación curricular.<br>● Agrupamento flexible.<br>● Apoio de profesorado especialista PT<br>● Apoio de profesorado especialista AL<br>● Outras: |

**3.-SEGUIMENTO**

**3.1. EQUIPO DOCENTE**

- Director
- Xefatura de estudos
- Profesorado titor
- Profesorado especialista en lingua inglesa.
- Profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica.
- Profesorado especialista de Audición e Linguaxe
- Xefatura do departamento de orientación.
- Outros:

**3.2. VALORACIÓN/OBSERVACIÓNS/ DECISIÓNS:**

## ANEXO XI

## CONFORMIDADE DA FAMILIA OU RESPONSABLES LEGAIS PARA ASISTIR AO AGRUPAMENTO FLEXIBLE DA MATERIA DE ______________________

D/Dna. ____________________________________________

responsable legal da alumna/o ____________________________________________

escolarizada/o en 2º/3º de ESO no IES Adormideras, manifesta a súa conformidade para que se incorpore ao agrupamento flexible na materia de __________________ durante o curso 202_/ 202_, tendo en conta que dita adscrición estará suxeita a revisión continua posto que, segundo a lexislación vixente, a medida ten un carácter reversible.

E para que así conste, firmo a presente en A Coruña , .....de.........................de 202_

Asdo.: ………………………………………………..

## ANEXO XII

## PROGRAMA DE INTERVENCIÓN ESPECIALISTAS PT/AL

- Competencias adquiridas e necesidades educativas que presentan a alumna ou o alumno
- Currículo de referencia
- Enfoque metodolóxico
- Coordinación co profesorado titor e co profesorado de área ou materia
- Seguimento e avaliación do programa, incluíndo indicadores de avaliación

**Datos do alumno/a**

Data nacemento:
Profesor/a AL:
Profesor/a PT:
Datos de escolarización anteriores significativos (repeticións, absentismo, cambios de centro, flexibilizacións, escolarización combinada, atención domiciliaria, ...)

| **Datos relevantes** |
|---|
| Recoller os datos relevantes da información recollida no correspondente **Informe Psicopedagóxico**. |

| **Profesionais que participan no Programa de Intervención** | | |
|---|---|---|
| **NOME E APELIDOS** | **FUNCIÓN** | **SINATURA** |
| | | |
| | | |

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN

## 1. COMPETENCIAS ADQUIRIDAS E NECESIDADES EDUCATIVAS

| INTERVENCIÓN EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA |
|---|
| 1. COMPETENCIA SOCIAL |
| Por exemplo:<br>● Coñecer e adoptar normas básicas de comportamento en distintos contextos.<br>● Traballar especificamente o desenvolvemento socio-afectivo. A acción e a atención conxunta, as emocións, a conciencia, a imitación, os xogos circulares as condutas sociais básicas.<br>● Seguir desenvolvendo habilidades sociais relativas a súa autonomía en todos os ámbitos de desenvolvemento integral da personalidade: alimentación, vestido, aseo, etc. |
| 2. AREAS CURRICULARES (Currículo de referencia) |
| AREAS/MATERIAS LINGÜÍSTICAS<br><br>Por exemplo:<br>● afianzar a lectoescritura, tanto por medio do PC como con pictogramas (SPC, PECs), utilizando tamén o papel.<br>● Comprensión oral a través dos textos lidos pictografiados, para poder responder posteriormente a preguntas sobre os mesmos de xeito oral<br>● Desenvolver o trazo axeitado da grafía.<br><br>MATEMÁTICAS<br><br>Por exemplo:<br>● Desenvolver o concepto de cantidade<br>● Mellorar a competencia nas operacións matemáticas básicas<br>● Afianzar coñecementos xeométricos.<br>● Afondar nas estratexias de resolución de problemas.<br><br>CCNN/BX<br>● .................. |
| 3. MOTRICIDADE |

| |
|---|
| Por exemplo:<br>● Estereotipias motoras.<br>● Lateralidade.<br>● Coordinación óculo-manual.<br>- |
| 4. OUTROS |
| |

**INTERVENCIÓN EN AUDICIÓN E LINGUAXE**

## 1. BASES ANATÓMICAS E FUNCIONAIS

Por exemplo:

RESPIRACIÓN E SOPRO
- Facilitar o control da respiración
- Inhibir patróns anormais de respiración
- Mellorar a inspiración / expiración nasal e bucal
- Facilitar a postura dos labios no sopro
- Potenciar a intensidade do sopro

PRAXIAS BUCOFACIAIS
- Mellorar o control dos movementos linguais
- Potenciar a mobilidade dos labios

VOZ
- Acadar unha mellor entoación
- Mellorar a emisión bucal

CONTROL DO BABEO
- Facilitar o control do babeo

## 2. ÁMBITO FONÉTICO-FONOLÓXICO

Por exemplo:
- Favorecer a articulación das vogais e consoantes.

## 3. ÁMBITO LÉXICO-SEMÁNTICO

Por exemplo:
- Aumentar o volume do vocabulario básico expresivo/comprensivo.
- Traballar diferentes campos semánticos.
- Mellorar as relacións entre as distintas entradas léxicas: asociacións.

## 4. ÁMBITO MORFO-SINTÁCTICO

1.ESTRUTURA da FRASE:

a. Un elemento
b. Dous elementos
c. Tres elementos:

2. ELEMENTOS DA FRASE:

- Determinantes: “un”, “una”, “el”, “la”.
- Preposicións: “a”, “de”, “en”, “con”
- As frases serán enunciadas usando a 1º, 3º e 2º persoa
- Uso das marcas de xénero/número

## 5. ÁMBITO PRAGMÁTICO

Por exemplo:

1. FUNCIÓNS DA LINGUAXE:
   a. Saúdos e Despedidas:
   b. Petición de Desexos e Necesidades Básicas:
   c. Requirimentos de acción:
   d. Reclamar a atención:
2. A CONVERSA:
   a. Uso de “conversas” moi sinxelas onde se respecten os roles de “emisor” e “receptor”.
      i. Manter a mirada
      ii. Uso de tunos

## 6. COMPRENSIÓN ORAL

Por exemplo:

- Mellorar a comprensión de ordes sinxelas
- Potenciar a comprensión oral de expresións e imaxes.

## 7. RELAXACIÓN

Por exemplo:

- Favorecer a relaxación global
- Favorecer a relaxación segmentaria dos músculos da noca, pescozo e cara

## 8. OUTROS ASPECTOS

## 2. ENFOQUE METODOLÓXICO

**Metodoloxía:**

Por exemplo:

O traballo de reeducación da linguaxe e comunicación con ...................... terá como principio favorecer a COMUNICACIÓN, polo que este será o obxectivo básico de todo o programa de intervención, o curricular será unha escusa para favorecer o acceso á comunicación.

A nivel metodolóxico teremos en conta os seguintes aspectos:

- Primar o contido fronte a forma (darémoslle máis importancia ás dimensións pragmática e semántica que á articulación ou estruturación morfosintáctica)
- Comunicación total: empregarase a linguaxe oral, linguaxe de signos e pictogramas
- Partir das necesidades, intereses e do mundo próximo de ......................
- Colaboración do ATE no programa de desenvolvemento da autonomía e control de esfínteres.

**Recursos e materiais:**

Por exemplo:

Empregaranse os recursos materiais existentes na aula: imaxes, xoguetes, espello, ordenador, marionetas, alimentos de plástico, pictogramas, fotografías, material de sopro...

Como axuda técnica para a implementación de pictogramas unha tablet

## 3. TEMPORALIZACIÓN

Especificar os horarios da intervención do PT/AL segundo o establecido no **informe psicopedagóxico**.
AL: 3 sesións (1/2 h) na aula de AL.
PT: 2 sesións na aula ORDINARIA (M, X).

## 3. COORDINACIÓN PROFESORADO

Recoller o procedemento e datas de coordinación co profesor da área ou da

materia en que o alumno/a recibe o apoio.

## 4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA

Establecer o procedemento e datas do seguimento e avaliación do programa de intervención así como os indicadores de avaliación.

- Indicadores de avaliación.

- Seguimento: se analizará o traballo realizado do PT/AL, especificando propostas de mellora, quedando constancia nas distintas actas do departamento de orientación.

- Avaliación: ao final de curso realizarase unha avaliación final para determinar o grao de consecución dos obxectivos e orientar a intervención para o curso vindeiro .

- Elaboración dun Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo por cada profesor especialista en PT/AL (modelo do Anexo V da orde 8 setembro de 2021).

## 5. ORIENTACIÓNS Á FAMILIA

Por exemplo:

- A nivel familiar estableceranse contactos periódicos ao longo do curso, mínimo un por trimestre, co obxectivo de realizar a avaliación, intercambiar opinións sobre o desenrolo da nena, pedir colaboración para a xeneralización das aprendizaxes...
- Ademais contaremos cunha axenda para comunicar as impresións diarias.
- Facilitaráselle nestas reunións pautas para determinar como poden intervir a través do coidado (hixiene) e alimentación (babeo, mastigación, fortalecemento da musculatura orofacial).

# ANEXO XIII

## INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE).

CURSO: 20 .... – 20 ....

**DATOS DO ALUMNADO**:

APELIDOS: .........................................................NOME: .................................

DATA DE NACEMENTO: ................................ CURSO: ....................

Secundaria Obrigatoria: □ CURSO: 1º: □ 2º: □ 3º: □ 4º: □ GRUPO: ...........................

**Por cada ÁREA OU MATERIA NA QUE A ALUMNA OU O ALUMNO RECIBIU RE**.

**1. ÁREA OU MATERIA**: ...........................................

**2. DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA:**

APELIDOS: ...........................................................NOME: ..........................................................
.

**3. DATOS DO REFORZO EDUCATIVO:**

DATA DE COMEZO DO RE: ................. DATA DE REMATE DO RE: ...............................

DESCRICIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:

- Cal foi o motivo? ..............................................................................................................................
.......................................................................................
- En que consistían? (breve descrición) ......................................................................................................................
..............................................................................................................................................
.......................................................
- Con que frecuencia se presentaban? (temporalización) ..........................................................................................
- Cando as realizaba a alumna ou o alumno? ..............................................................................................................................
.......................................................................................
- Quen lle axudaba?: (Profesorado con dispoñibilidade horaria)..........................................................................................
- Como se avaliaban? (corrixían): ......................................................................................................................
..............................................................................................................................................
.......................................................

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:

□ Acadáronse os obxectivos previstos nelas.

□ Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (Indicar se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, poden verse beneficiados ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área ou materia) ................................................................................

..............................., ........ de ...................... de 20 .....

O/A PROFESOR/A TITOR/A

O/A PROFESOR/A QUE REALIZOU O REFORZO

Asdo: .......................................

Asdo: ...............................

# ANEXO XIV

**PROPOSTA PROVISIONAL DO EQUIPO DOCENTE PARA A INCORPORACIÓN A UN PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DE DOUS CURSOS (20__-20_)**

Na sesión de avaliación levada a cabo o día ___ de Xuño de 20__, reunido o equipo docente do curso ________ e de acordo co disposto na Orde do 8 de Setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas la Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación, acórdase propoñer para realizar un Programa de Diversificación Curricular de dous cursos de duración á/o alumna/o _________________________________

A dita/ O dito alumna/o presenta o seguinte perfil:

- trátase dunha alumna/o con necesidade específica de apoio educativo que presenta dificultades de aprendizaxe.
- As medidas de atención á diversidade implementadas ata o momento non foron efectivas para a recuperación das dificultades detectadas.
- Atópase en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
- Conta con expectativas razoables de obter o título de graduado/a en educación secundaria obligatoria coa incorporación a este programa.
- Asiste con regularidade a todas as clases.
- Cursou o 2º curso da ESO e non está en condicións de acadar a promoción a 3º.
- Cursou 3º de ESO e non está en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte
- Repite 3º a ESO e non foi quen de superalo.

Por todo isto, a alumna/o alumno relacionado anteriormente foi proposto/a polo equipo docente para cursar o Programa de Diversificacion Curricular que se vai levar a cabo no IES/CPI ao longo do bienio 20__/20__ como medida de carácter extraordinario orientado á consecución do título de graduado en educación secundaria obligatoria.

________________, ____ de Xuño de 20__

o titor/ a titora de _______

# ANEXO XV

## ACTA DA SESIÓN DE PROPOSTA DE ACCESO AO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR (BIENIO 20__-20__)

Reunidos en __________ o día _____ de ___________ de 20__

-Dª/D________________________________ como titora/titor da alumna/o proposta/o para o Programa de Diversificación Curricular.

-Dª /D__________________ como Xefa/Xefe de Estudos.

-Dª *D__________________, como* Xefa/Xefe do Departamento de Orientación.

Co obxectivo de estudar a proposta de incorporación ao Programa de Diversificación Curricular que se vai desenvolver no centro educativo ao longo do bienio 20__-20__, e considerando os preceptivos informes do equipo docente, as conclusións e orientacións da avaliación psicopedagóxica e a opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna/o, decidimos propoñer ao seguinte alumnado para a súa incorporación ao dito programa:

-

-

-

O cal firmamos para os efectos oportunos e remitimos á Dirección deste centro educativo para que a eleve, de ser o caso, ao Servizo territorial de Inspección Educativa correspondente.

__________________, ____ de _________ de 20__

A Titora/O Titor A Xefa/O Xefe de Estudos A Orientadora/O Orientador

# ANEXO XVI

## INFORME INDIVIDUALIZADO DO TITOR/A PARA INCORPORACIÓN A PDC

**1. DATOS PERSOAIS**

Nome e apelidos/Data nacemento/Domicilio e teléfono de contacto/Curso

**2. MOTIVO DO INFORME**

Valorar a proposta de incorporación ao Programa de Diversificación Curricular para o bienio 20__/20__.

**3. COMPETENCIA CURRICULAR DO ALUMNO/A EN CADA MATERIA**

*( indicar a cualificación obtida e se corresponde a un nivel medio, medio-baixo… respecto a media do grupo de referencia)*

**4. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE DETECTADAS**

**5.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS PREVIAMENTE**

*(reforzo educativo, repeticións, exención 2º lingua estranxeira, adecuación das programacións didácticas, adaptacións metodolóxicas: traballo colaborativo/aprendizaxe por proxectos, adaptación de tempos/instrumentos/procedementos de avaliación, plan de reforzo para alumnado que pase de curso con materias sen superar, plan para alumnado que permanece un ano mási no mesmo curso...)*

**6. CONCLUSIÓNS E PROPOSTA**

Como titor/a do alumno/a ______________________________________ considero que se atopa na situación seguinte:

☐ Ten dificultades de aprendizaxe e foi obxecto doutras medidas de atención á diversidade que non foron suficientes para recuperar as dificultades detectadas, polo que se atopa nunha situación de risco de non acadar os obxectivos da etapa.

☐ Existen expectativas razoables de que coa incorporación ao programa acade os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obteña o título de graduado en ESO.

Así pois, propoño a incorporación a un Programa de diversificación Curricular como a medida máis axeitada para poder proporcionar á alumna/o un ensino máis personalizado e adaptado ao seu ritmo de aprendizaxe para que poida deste xeito acadar os obxectivos da etapa e obter o título de graduado/a en ESO.

_______________, ____ de Xuño de 20__

o titor/ a titora

# ANEXO XVII

# INFORME INDIVIDUALIZADO DO DPTO. ORIENTACIÓN PARA INCORPORACIÓN A PDC

**DATOS PERSOAIS DA ALUMNA/O**

**MOTIVO DO INFORME**

Dar cumprimento ao disposto no art. 61, punto 8, apartado d), segundo o cal é preciso que o Departamento de Orientación elabore un informe de carácter individual para cada alumno/a proposto para incorporarse a un Programa de Diversificación Curricular no que deben incluírse as conclusións sobre o informe elaborado polo profesorado titor, as da avaliación psicopedagóxica e a opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumno/a e a destes mesmos sobre a medida proposta.

**DESENVOLVEMENTO XERAL DA ALUMNA/O**

**ASPECTOS RELEVANTES DOS PROCESOS DE ENSINO E DE APRENDIZAXE**

**ORIENTACIÓNS PARA A PROPOSTA CURRICULAR**

En base ás conclusións extraídas da avaliación psicopedagóxica realizada, podemos concluir que __________________ é unha alumna/o que presenta dificultades de aprendizaxe asociadas aos aspectos antes citados. Porén, a alumna/o ten posibilidades e mantén expectativas académicas reais de acadar o título de Graduado en Educación Secundaria.

Consideramos que o traballo en pequeno grupo podería incrementar a súa capacidade de aprendizaxe dos novos contidos ao mesmo tempo que un ensino de carácter máis personalizado e adaptado ao seu ritmo de aprendizaxe redundarían nunha notable mellora no seu rendemento académico posibilitando a consecución dos obxectivos académicos correspondentes á etapa da Educación Secundaria Obligatoria.

Por todo isto, desde o Departamento de Orientación deste centro educativo, recoméndase que a alumna/o participe nun Programa de Diversificación Curricular de dous cursos de duración, incorporándose ao mesmo o vindeiro curso 20__/20__.

Entrevistados a alumna/o e a súa nai/pai/titor legal amosaron a súa conformidade coa incorporación ao dito programa.

____________________, ______ de ___________ de 20__

A Xefa/O Xefe do Departamento de Orientación

Asdo:

## ANEXO XVIII

**CONFORMIDADE DA NAI, DO PAI OU DAS PERSOAS TITORAS LEGAIS COA INCORPORACIÓN A UN PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

Na sesión de avaliación celebrada o día ___ de Xuño de 20__, avaliadas as competencias adquiridas ao longo do curso polo seu fillo/a e considerando as diversas dificultades atopadas neste curso e/ou en cursos anteriores e de acordo coas medidas de atención á diversidade vixentes neste momento na Comunidade Autónoma de Galicia, o Equipo Docente, asesorado polo Departamento de Orientación deste centro educativo, estima que a alumna/o_____________________________________________

do _____ curso da ESO debería incorporarse ao Programa de Diversificación Curricular do bienio 20__/20__ como mellor medida de atención á diversidade para acadar os obxectivos da etapa así como o título de graduado/a en educación Secundaria Obligatoria.

Así pois a nai/ o pai/ as persoas titoras legais da alumna/o manifesta estar:

☐ De acordo

☐ En desacordo coa incorparación a dito programa.

___________, _____ de Xuño de 20__

A Nai/ Pai / Titor Legal

Asdo: ____________________

**ANEXO XIX**
**SOLICITUDE DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA FAMILIA PARA O ALUMNADO CON DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO DOCENTE**

Don/dona _______________ e ________________, con DNI/NIE _________ e ______________ e con domicilio en __________________, teléfono _________, como nai/pai/titor/a legal da/do alumna/o: _________________, con data de nacemento ______________,.escolarizada/o no centro _______________ na etapa de _________, curso:________.

**XUSTIFICA,** por medio do informe médico que se xunta a esta solicitude, a imposibilidade de que a súa/seu filla/o asista con regularidade ás clases no seu centro escolar, e

**SOLICITA** a tramitación de Atención Educativa Domiciliaria durante o período de tempo da súa convalecencia que, de acordo co devandito informe será de: estimamos que por un período superior a 1 mes.

E COMPROMÉTESE A:

- Acordar e respectar un horario co profesorado do programa
- Asegurar a permanencia dalgún familiar maior de idade no domicilio durante o devandito horario e avisar cando non sexa posible a intervención.
- Habilitar un lugar e condicións axeitadas no domicilio para realizar o traballo
- Notificarlle ao centro docente o cesamento de convalecencia no domicilio por escrito.

En _________ a __, de __________de 202_

Sr/a. Director/a do centro: Pai/nai de
__________________

Asdo.: _________________
Asdo.:___________________________

Centro:
Enderezo:

**ANEXO XX**
**MODELO DE AVALIACIÓN INICIAL PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO**

DATOS PERSOAIS

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Domicilio
- Localidade
- Teléfono
- Nacionalidade
- Lingua de orixe
- Tempo de residencia en España

DATOS FAMILIARES

- Nome da nai
- Tempo de residencia en España
- Nome do pai
- Tempo de residencia en España
- Composición da unidade familiar
- Lingua familiar
- A familia entende e/ou fala o galego e/ou o español:
- Que idioma utilizamos para entendernos

AVALIACIÓN INICIAL CURRICULAR E LINGÜÍSTICA

- Anos e nivel de escolarización no seu país de procedencia
- Estivo escolarizado en España antes
- Sobre o seu rendemento académico
- O que se lle daba mellor e peor
- Expresión oral
- Comprensión oral
- Expresión escrita
- Comprensión escrita
- Segunda lingua estranxeira cursada e nivel
- Solicitude de exención de LG
- Nivel de competencia curricular nas materias (ben regular ou mal)

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Tivo algún reforzo ou adaptación
- Manifesta algún tipo de NEAE

ORIENTACIÓN VOCACIONAL

- Sobre os seus intereses académicos e profesionais

En _________ a __ de ________ de 202_

A persoa orientadora
Asdo.:___________

# ANEXO XXI
# INFORME ESCOLARIZACIÓN ALUMNADO ESTRANXEIRO CON DESFASAMENTO CURRICULAR

**DATOS DA ALUMNA/DO ALUMNO**

**MOTIVO DO INFORME**

Deixar constancia do nivel de competencia curricular da alumna/o coa finalidade de que poida incorporarse ao curso máis adecuado ás súas características de xeito que lle permita continuar con aproveitamento a súa educación.

**DESENVOLVEMENTO DA ALUMNA/ DO ALUMNO**

**IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES E CONCLUSIÓNS**

Á vista dos resultados acadados pola alumna nas probas aplicadas, podemos determinar que presenta un desfasamento curricular de máis de dous cursos e, seguindo o establecido no artigo 21.7 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen o ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia, a dita alumna/o poderá ser escolarizada no curso inferior ao que lle correspondería por idade.

__________, a __ de ________ de 202__

A Xefa/O Xefe do Departamento de Orientación

# 13. NORMATIVA

Este punto recolle a normativa máis salientable vinculada coa atención á diversidade e tamén convivencia.

-Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 29 de decembro).

-Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro).

-Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (DOG do 26 de outubro).

-Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instruccións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, ESO e bacharelato no curso 2022/23.

-Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na CA de Galicia (DOG do 9 de setembro).

-Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na CA de Galicia (DOG do 26 de setembro).

-Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na CA de Galicia (DOG do 26 de setembro).

-Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na CA de Galicia (DOG do 26 de setembro).

-ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado dos ensinos de formación profesional inicial . Capítulo VI, Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

-DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Artigo 61º .

-Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

-Protocolo de Protección de Datos Persoais. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades .Setembro 2022

-DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
-Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

**Outras referencias de interese para a equidade e a inclusión:**

- Plans e programas da Administración educativa relacionados coa equidade e a inclusión (PROA+, RAOGAL,Contratos Programa, ...).

- Protocolos establecidos pola Administración educativa

- Convenios suscritos pola Administración educativa

- Bolsas e axudas ao estudo para alumnado NEAE.

A Coruña, 16 de Outubro de 2023

A Xefa do Departamento de Orientación

Firmado por FERNANDEZ LOURO SARA - 32831765R el día 16/10/2023 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Asdo: Sara Fernández Louro